


*En galego,
agora e sempre*

Subvenciona:



Publica:



Dirección e coordinación

Xosé González Martínez

Carme Pérez Vaquero

Edita:



Fotografía:

Pío García

Imprime:





Atribúeselle a Albert Einstein esta feliz frase: “Nós, os mortais, logramos a inmortalidade nas cousas que creamos en común e que quedan despois de nós”. ¿Existe mellor creación común realizada por cada un dos galegos e galegas individualmente ca a lingua de noso? Abofé que non, e por tal motivo, nun acto ben consciente da finitude biolóxica da súa existencia, cento tres persoas de orixe ourensá queren deixar nestas páxinas constancia firme e por escrito do seu desexo de cederen en herdanza a lingua que os antergos lles legaron e que eles abicadaron e enriqueceron mentres viviron. E por medio desta manda están a prolongar o seu ser, que permanecerá vivo nos seus fillos e fillas, e nos netos e netas que deles saíren ata a morte do derradeiro deles.

Prólogo

Quede aquí tamén constancia da miña gratitude a todas estas persoas por acolleren con tanto entusiasmo esta afortunada e propicia

iniciativa da Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia; unha iniciativa que constitúe a expresión dun acto de amor infinito pola lingua de cento tre fillos e fillas das terras de Ourense.

Valentín García Gómez
Secretario Xeral de Política Lingüística

Prólogo

Un ano máis publicamos este libro de mandas a prol da lingua galega co que porfiamos na procura dos obxectivos que nos moveron desde a súa primeira edición no 2002: salientar a importancia da transmisión interxeracional do noso idioma e chamar a atención sobre o uso do galego nos documentos xurídicos e, en concreto, nas escrituras públicas.

No tocante á transmisión interxeracional os sociolingüistas subliñan a cotío a importancia da variable da idade no uso da lingua: o galego é a lingua inicial dunha ampla maioría das persoas de máis de 65 anos (3/4) pero vai descendendo con rapidez ata o grupo entre os 26 e 35 anos, no que xa hai máis persoas co castelán como lingua inicial (40%) fronte ao galego (36%), aínda que tamén hai un bo número de bilingües iniciais (20%). A partir deste último treito a caída do galego como lingua primixenia ralentíza-

Prólogo

se e o avance do castelán xa é por conta do bilingüismo inicial.

Estes datos apuntan ás vicisitudes históricas do noso país no pasado século: os maiores de 65 anos no 2003 naceran antes de 1938, o que significa que antes da guerra civil e da ditadura o galego era a lingua da maior parte das familias galegas, un 10% adicional eran bilingües e menos do 15% eran castelán-falantes.

Nos 40 anos de franquismo -entre 1938 e 1978- o galego perdeu máis da metade dos seus falantes iniciais -en 2003 eran o 36%- . A ditadura levou ao galego ao pé do abismo, ao esmagar as forzas e axentes sociais que o defendían, ao arrincalo da vida pública e da escola, ao promoveren un discurso denigratorio para a nosa lingua e de exaltación discriminatoria do castelán. Ao tempo, o país quedou baldeiro de xente nova galegofalan-

te que se veu obrigada a emigrar. A todo iso hai que engadirlle a aparición e divulgación dos medios de comunicación como a radio e a televisión que completaron a difusión da competencia en castelán e a actitude lingüística de desprestixio para o galego.

Desde a transición democrática e a instauración da autonomía fréase a caída do galego nas persoas nadas a partir de 1978: máis presenza pública, utilización no ensino, alfabetización da poboación e aparición dun novo tipo de galegofalante, o que aprendeu a lelo e escribiu na escola e que se desenvolve en galego en ámbitos sociais ata o de agora reservados ao castelán.

Todo iso ten que ver coa mellora do estatuto sociopolítico da lingua galega e coas políticas de promoción do galego desenvoltas durante os últimos 25 anos, froito de traballosos consensos lingüísticos como a Lei

de Normalización Lingüística de 1983 ou o Plan Xeral de Normalización do uso do galego de 2004.

En resumo, temos que gañar o futuro para a lingua galega, garantindo a súa transmisión aos nosos descendentes como elemento central do noso patrimonio cultural. Nesa idea, fronte ao concepto tradicional de herdanza como conxunto de bens e dereitos de contido exclusivamente patrimonial que os devanceiros lles transmiten ás novas xeracións, nós introducimos a lingua como símbolo cultural e como elemento da nosa personalidade individual e colectiva que debe aparecer no acto xurídico esencial que preside a herdanza e que non é outro que o testamento.

Por outra banda, os documentos e as escrituras públicas son unha das mostras máis visibles da vitalidade da lingua. Recorde-

mos o importante caudal de documentos procedentes da idade media redactados en galego que, malia as circunstancias adversas, se conservaron ata hoxe e que son a proba da normalidade coa que se usaba a nosa lingua naqueles tempos en todos os ámbitos da vida social.

Temos que recobrar para o galego ese terreo; malia os atrancos, un dos medios para acadalo é que os galegofalantes esixamos o dereito constitucional a usar a nosa lingua oralmente, pero tamén por escrito nas relacións xurídicas nas que participemos ou que protagonicemos. Iso sen prexuízo de reivindicarmos medidas de apoio á normalización lingüística, como por exemplo a de que os notarios e funcionarios públicos outorgantes deben estar obrigados a advertirlles, expresa e previamente aos cidadáns, de que poden exercer aquel dereito, como prevé o Decreto da Generalitat de Catalu-

En galego, agora e sempre

ña 204/1998, do 30 de xullo, sobre o uso do catalán nos documentos notariais.

Un bo comezo para esa andaina é a de outorgarmos o testamento en galego, xa, sen máis demoras.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da Asociación de Funcionarios para a
Normalización Lingüística de Galicia

Prólogo



É moi frecuente atopar nos protocolos notariais galegos, sobre todo nos da Idade Media, cláusulas testamentarias nas que o testador establecía obrigas extraeconómicas para os seus herdeiros. Encabezábanse estes testamentos con fórmulas estereotipadas de diversos tipos. As máis comúns son as que rezaban así: “Con todo siso e toda miña memoria, dispoño das miñas cousas”¹. Iso se a persoa que facía testamento non estaba aqueixada dalgunha doenza ou enfermidade que a obrigase a facer as conseguíntes precisións sucesorias; daquela, adoitaba facelo con outra expresión: “Doente no corpo e pero con todo meu siso complido, faço e ordino en aquela maneyra após meu passamento”.

As invocacións a Deus ou ós santos, así como a manifestación de obediencia á “San-

¹ Ferro Couselo, Xesús: *A vida e a fala dos devanceiros*, Editorial Galaxia, Vigo, 1996.

ta Iglesia Católica, Apostólica y Romana” a súa fe, eran recursos estilísticos moi utilizados: “Imprimeiramente, dou mina alma a Deus e mando meu corpo soterrar eno cimiterio de Santa Maria de Ual de Paraíso e mando e commigo C soldos para unha pitañça”. Algúns destes testamentos contiñan obrigas para os herdeiros de “facer” ou “que se fixese” unha peregrinación a Santiago, por exemplo. Son mandas de contido espiritual de uso moi estendido na época. O incumprimento das devanditas mandas testamentarias podía ser sancionado pola autoridade eclesiástica competente.

Eran normais, tamén, as mandas a prol da alma. Esta institución, hoxe bastante anticuada e das que se ocupa especialmente o artigo 747 do Código civil, non significa, evidentemente, que a alma, como tal, poida ser herdeira. O propio precepto aclara

o seu significado e alcance: “se o testador dispuxer de todo ou parte dos seus bens para sufraxios e obras piadosas en beneficio da súa alma, facéndoo indeterminadamente e sen especificar a súa aplicación, os testamentos venderán os seus bens dándolles a metade ó diocesano...” A xurisprudencia reconece a validez da institución “a prol da alma”, e é a Igrexa, loxicamente, a máis beneficiada².

Se reconecemos o testamento como un acto unilateral, individual e persoalísimo, non é de estrañar que o testador deixase constancia dos seus desexos, ás veces unha miguíña pintorescos, pero que, iso é o importante, sempre se cumprían. Tal é o caso das campás dunha igrexa que deberían repicar todos os días ás doce da mañá, por deixalo así

² Vid. Sentencias de 17 de novembro de 1896, de 21 de marzo de 1902 e de 25 de febreiro de 1911, en AA.VV.: *Compendio de Derecho Sucesorio*, Editorial La Ley, Madrid 1999.

encargado e escrito nas mandas testamentarias unha piadosa señora, iso si, algo poetisa, como me contaba o meu informante. Deixou paga na súa parroquia unha cantidade para que se tocasen as campás todos os días ata non sei que data. Raro testamento, si, señor; pero así mo contaron.

As características antes sinaladas do testamento -acto unilateral, individual e persoalísimo- fan supoñer que na súa xestación inflúen moitos e moi variados condicionantes de índole afectivo-sentimental. Porque os bens que se adoitan transmitir están vencellados á tradición familiar e tinguidos de emotivos sentimentos³. De aí que a elaboración do testamento sexa un proceso complexo, mesmo con implicacións sicoloxías, a teor da tese presentada polo antropólogo Xosé Andrés Gago no Primeiro Congreso de Antropoloxía de Galicia,

celebrado en 1982⁴. Verbo deste asunto, Rof Carballo tamén atopa connotacións de interese científico para comprendermos a personalidade psicolóxica dos galegos: "...en Galicia, onde a terra non é algo ó que se lle rende culto, senón algo que está identificado connosco ata firmar unha unidade que, ó se crebar, doe, tal como unha especie de morte da alma, en forma de morriña". É o urdido afectivo ó que se refire no seu ensaio "Mito e Realidade da Terra Nai"⁵. É o esgazamento dese urdido o que provoca conflitos na identidade das persoas co medio e cos bens patrimoniais.

A institución xurídica da herdanza en Galicia é, pois, moito máis complexa do que

³ Vid. Gutiérrez Aller, Victorino: "Unha historia de Amor", en AA.VV.: *Contos da Xustiza*, Ir Indo Edicións, Vigo, 1991.

⁴ AA. VV.: "I Coloquio de Antropoloxía de Galicia. Museo do Pobo Galego, 4-6 de febreiro de 1982" en *Cadernos do Seminario de Sargadelos*, núm. 45. Edicións do Castro, Sada, 1982.

⁵ Rof Carballo, Xoán: *Mito e Realidade da Terra Nai*, Editorial Galaxia, Vigo, 1957.

aparentemente se poida pensar. A transmisión patrimonial está connotada cun sistema de valores que transcende o meramente económico. Por iso, na decisión testamentaria gravitan circunstancias relacionadas coa cultura e tradición galegas. Eis porque tamén a xestión testamentaria se "remoe no maxín" durante tanto tempo. E faise, claro está, en lingua galega, por ser o idioma da meirande parte dos galegos. Nela fánse consultas ós notarios e avogados e recóllense opinións dos parentes e familiares antes de formalizar a decisión do documento notarial.

A literatura galega ten fermosas páxinas dedicadas ás decisións testamentarias. Xulio Cuns, que durante moitos anos foi oficial de notarías, escribiu un libro⁶ de gran va-

⁶ CUNS LOUSA, Xulio: *O que nos quedou nos Protocolos*, Excma. Concello de Betanzos, Betanzos, 1992.

lor para comprendermos o comportamento dos galegos ante unha decisión tan importante na súa vida. Titúlase *O que non quedou no Protocolo*. Nel atópanse anécdotas e situacións reais acontecidas no tempo que permaneceu traballando na notaría. Os acordos e trasacordos e as preguntas revesgadas que agochaban outras, evidencian a idiosincrasia dos galegos cando teñen que facer testamento. Porque, efectivamente, non todo o que se pensa e fala queda escrito nos documentos. “Quizais aquilo que puidese ter maior importancia para o antropólogo e o historiador e demais curiosos -dinos- non conste escrito... por exemplo: os acenos. É importante fixarse nos sorrisos e demais acenos que van facendo ó longo da conversa e dos que, naturalmente tampouco queda o seu caritel no frío e satinado papel selado”. Como tampouco quedan a emo-

ción e os sentimentos, que non son poucos. Uns confesados e outros non. Somos fillos dos sutís acenos, das finas modulacións da educación, dos agarimos recibidos en que envolveron o noso corpo ou protexeron a nosa epiderme, do rigor con que dominaron o ímpeto nacente dos nosos músculos.

Algunhas das obras literarias de Luís Moure Mariño⁷ -nada sospeitoso de galeguismo- son importantes para comprendermos o que estamos a dicir. O autor, que foi notario, tivo que escoitar a centos de persoas que acudían ó seu despacho. Nalgúns dos seus relatos descríbemos feitos reais que revelan ese urdido afectivo. Nun deles relata sorprendido porque un emigrante “facultaba igualmente ó apoderado para que venda todos os bens, accións e dereitos que por

⁷ Moure Mariño, Luís: *Fantastías reais, Ir Indo Edicións, Vigo, 1993.*

calquera título lle correspondan, con excepción da póla que mira cara ó poñente do carballo grande de Basán...”. Pero foi o caso que dito emigrante, que estaba en Montevideo, leu o artigo e escribiulle unha carta para aclararlle ó notario o porqué do seu antollo: “Debaixo da sombra do carballo, á vista da nosa aldea, díxome miña nai o seu derradeiro adeus cando decidín virme a Montevideo, e agora, vello e coa tristura que me provoca a distancia da terra á que nunca máis volverei, nesa póla do carballo grande, como vostede di, coido un niño para a saudade, ¡Aínda son dono dunha parte da paisaxe onde nacín! ¡Aínda hai algo que me une á miña terra!...”. Un sentimento panteísta, sen dúbida. Pero comprensible. A saudade, ese sentimento dos galegos do que tanto se leva dito, pode provocar esa decisión testamentaria. O mesmo sentimento

expresouno Vicente Risco⁸ con outras palabras, cando escribiu: “Eu sei que, como Rosalía de Castro, se me vira no ceo, choraría de saudade pola miña terra.... Non poder levar comigo aquela fonte, aquel carballo, a nogueira, a casopiña, o río, o muíño, a sombra húmida dos amieiros. Terse que separar de todo isto para sempre; quizais chegar a esquecelo. Ai, non. Esquecelo non, que a lembranza é a esencia da alma, e esquecer é deixar de ser; un algo que se esquece é un pouco de alma que morre”. É o urdido afectivo, que Rof Carballo di que percorre, como o plasma xerminial, as xeracións, vai dunha noutra e, en certo xeito, o mesmo que os xenes son inmortais, tamén este urdido goza de vida case perenne.

A desaparición da lingua galega dos protocolos notariais tal como nolo recorda Xe-

8 RISCO, Vicente: “O sentimento da terra na raza galega” en *Obras Completas*, Editorial Galaxia, Vigo, 1994.

sús Ferro Couselo no seu traballo “Como e por qué os escribáns deixaron de empregar o galego”⁹, motivou que os protocolos notariais se escribisen a partir do século XV en castelán. Este cambio lingüístico foi producindo nos galegos un sentimento perverso: as cousas serias, aquelas que poden ter moita transcendencia para a vida das persoas, deben ser escritas en castelán. Por iso, o Mapa Sociolingüístico de Galicia¹⁰, ó recoller a opinión dos enquisados cando se lles pregunta verbo do emprego do galego nos testamentos, ofrece porcentaxes pouco favorables ó seu uso en tales instrumentos xurídicos. Os máis partidarios -o 20,37%- manifestan que é moito máis axeitado o galego có castelán para a redacción do texto

⁹ Vid. AA.VV.: *Homenaxe a Ramón Otero Pedrayo*, Editorial Galaxia, Vigo, 1958.

¹⁰ “Actitudes Lingüísticas en Galicia”. AA. VV.: *Compendio do III volume do Mapa Sociolingüístico de Galicia*, Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega, Santiago, 1996.

das derradeiras vontades; máis proclive, sen embargo, é o 34%, que manifesta que a lingua galega é igual de axeitada có castelán.

O rito testamentario debe transmitir os nosos valores culturais. Velaí porque, xa sexa apoiándonos na confianza que debemos ter no futuro, no desexo de que sexa mellor có presente e tamén na lexislación vixente, que ampara o uso da lingua galega nos actos xurídicos documentados, temos que darlle máis importancia á pervivencia da nosa identidade nacional e ós elementos que a conforman. Nomeadamente a lingua galega. Facerlles a encomenda da súa protección e fomento ós nosos sucesores en actos notariais non está de máis. Non vaia ser o conto de que, por non dármollela importancia que o asunto ten, haxa malos entendidos e que ós nosos fillos e netos tanto lles teña vivir nunha Galicia desgaleguizada.

Por insistir que non quede.

O escritor estradense Manuel García Barros expresou ese desexo nunha cláusula do seu testamento: “Fago profesión de amor a doce Terra na que nascín e vivín e na que teño a dita de acougar en sono eterno. Foi Galicia obxecto e ilusión da miña vida. A ela e a súa redención, dediqueille as miñas forzas e o meu labor literario. Por ela loitei e sufrín. Desde o máis fondo do meu corazón deséxolle no vindeiro días de prosperidade e ventura”. En semellantes termos deixou no escrito don Ramón Otero Pedrayo, que doou a súa Casa Grande de Trasalba para o engrandecemento da lingua e cultura galega. Don Álvaro Cunqueiro, non foi menos, o seu testamento resúmese nunha frase que acadou entre nós notoria divulgación desexando que a lingua galega teña “mil primaveras máis”.

Malia termos un ordenamento xurídico que ampara e protexe os nosos dereitos lingüísticos, son poucos os galegos que demandan nas notaría o testamento na nosa lingua. Aínda que só fose porque neles se contén unha parte importante de nós, da nosa familia, dos nosos afectos e sentimentos, ese documento deberíámolo redactar en galego e incorporar nel, ademais, unha manda semellante ás que reproducimos neste libro. Deste xeito estaríamos a transmitirles ós nosos herdeiros a obriga de dar cumprimento ó noso desexo de administrar e acrecentar o patrimonio común de tódolos galegos, que é a lingua galega. Non desherdemos a nosa lingua.

*Xosé González Martínez
Secretario da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia*

A miña estirpe finca raíces no vizoso val de Ramirás. Políticos que ollan para fóra e admiran unha lingua allea provocan ermos, mermante beleza que toma leite de cartón, non ve cativos procurando grilos nin cazando bolboretas.

Minia é leito enxebre de río que acocora os sentidos. Celtia é luar de estrelar encol do lentor de outono. Os nosos decote viviron apegados á terra. Gradando a colleita. Es-garavellando presas de estaño. Aliaxe marabillosa para acender lámpadas nas gavias de represión, no escuro da miseria.

As herdades están preparadas para vesar. A nosa lingua é única semente coa que facer posíbel soberanía e progreso comunal. Con inmorredoiro balbordo de río e brillo de estrelas.

Xoán Carlos Alberte Domínguez
Profesor

Eu, Xesús Alonso Montero, (nado en Vigo o 28 de novembro de 1928), catedrático emérito de Literatura Galega da Universidade de Santiago, militante do Partido Comunista desde maio de 1962, Presidente do Foro pola Memoria Republicana de Galicia, Presidente da Real Academia Galega...

Eu, devoto lector de Rosalía de Castro e don Antonio Machado; de Curros Enríquez, e Antonio Gramsci, e tamén de Menéndez e Cervantes.

Eu, cidadán hispano da nación cultural de Galicia.

Eu, republicano, marxista e ateo,

Dispoño:

Que as miñas honras fúnebres, alleas totalmente a calquera ritual católico ou doutra confesión relixiosa, se atean ó esquema seguinte:

1.- Palabras iniciais dun camarada afín, que, ademais, conducirá o acto (Carmen Becerra, José Gómez Alén, Modesto Hermida, Carlos Núñez, Arturo Reguera...)*

2.- Lectura de dous poemas:

a) M. Curros Enríquez, “A Rosalía” (Do mar pola orela).

Recita: Xosé Ramón Fandiño.

b) Luís Cernuda, “1936”.

Recita: Laura Pérez Landeira.

3.- Tres poemas sobre XAM.

-Luciana Stegagno Picchio, “Cantabile di Galizia” (1980).

Recita: Stella González Balbuena.

-Víctor Campio, “Brinde” (1999)

Recita: Julián Rodríguez.

-Xesús Rábade Paredes, “A XAM” (2012)

Recita: o autor.

4.- Interpretación da “Internacional” a ser posible por unha banda de música (preferible, A Lira, de Ribadavia). Os que a canten seguirán a miña tradución -adaptación de 1979-. Este coro dirixirao Luís González López (Luís “Ferreiro”).

(No féretro figurará a bandeira comunista: pano vermello coa fouce e o martelo).- Sen siglas.

5.- Incineración.

6.- Epílogo (Días despois?)

As cinzas enterraranse -se non hai impedimento legal- na illa de San Simón debaixo da pedra na que os presos republicanos de 1938 “escribiron” a palabra “Teruel”.

Neste acto

a) Lerase a cantiga de Mendiño que recitará Corina Regueiro ou Luís Gon-

zález Tosar, e cantará, se for posible, Amancio Prada.

b) Un ou varios gaiteiros interpretarán algúns acordes da “Internacional” (Carlos Núñez, Lisardo González López...)

c) Colocarase unha placa con este texto: “Debaixo desta pedra gloriosa están as cinzas de

XESÚS ALONSO MONTERO

(Vigo, 28/ II / 1928)

profesor, filólogo, traballador da cultura, republicano, marxista e ateo”

Xesús Alonso Montero, 9 de setembro de 2013

**Se así o estiman que interveñan todos ou parte deles.*

Aos meus fillos, Oliva e Carlos, só lles pido un epitafio que diga “fixen o que puideren”. Que o escriban coas súas mans sobre esta amada terra nosa e que deixen todo aquilo que non se poida aproveitar dos meus restos para outras persoas, no subeiro segredo por onde baixan os lobos arraianos do Le-boreiro.

Quero valer para algo, cando menos despois de morto.

En vida pouco puideren facer con xeito e tampouco tiveren tempo para máis. Pasei de toutelo a vellote case sen me decatara. Así que pouco máis vos podo deixar que a bicicleta, o caxato, uns poucos libros e discos, as fruturas e os tambores, o cabalo e algún que outro traballo por rematar. Xa sabedes que sempre me metín en máis líos dos que puideren desenlear.

Vós sodes máis intelixentes e estades mellor formados, así que sede máis reflexivos

ca min e desculpade as miñas arroutadas. Mais se teimades en lembrarme despois de que me ouveen os irmaus lobos, quedaivos só con esta ledicia de vivir que me destes vós ao nacerdes e co amor á natureza que vos tratei de transmitir despois de deixarmos a min os devanceiros, que agora me reciben esquí, nesta nova raia que cruzo, cunha festa de benvida caralluda.

Antes de seguir bailando esta danza circular pola que me deixo levar só me queda dicirvos que vivades intensamente e que disfrutedes da vida, dos traballos e dos días, e desas pequenas cousas que amades, tratando de ser bos en todo o que fagades, porque só a beleza, o amor e a amizade vos poden salvar da desfeita. E xa sabedes que podedes seguir contando comigo para todo o que precisedes, meus tesouros, que eí estou sempre en vós, pero agora teño que seguir danzando nesta enorme roda cos

antergos do noso clan e cos que aínda non naceron, que por certo tamén apuntan ben alto, coma vós.

Aser Álvarez
Xornalista

“Galego e galegos, agora e sempre”. Poderíamos dicir que tamén sería unha frase acaída para representar ese fondo sentimento que nos une na nosa terra a través do vencello común de todos como é o noso idioma. Nada hai máis integrador e plural, aberto, tolerante e dinámico que a nosa lingua, espallada polo mundo enteiro a través de milleiros de persoas que foron, quedaron ou volveron ao seu berce, logo da súa andaina alén do noso. Porque o galego afirmanos e reafirmanos no que somos e transmite ese orgullo e eses valores que, desde sempre, distingue ó noso pobo con esa traza de identidade tan característica. Sigamos, pois, manténdoo e potenciándoo, porque con el vai a nosa tradición e o noso ser.

Plácido Álvarez Dobaño
Alcalde do Concello de Muíños
Secretario-interventor de Admón. Local

Foron as terras da Ribeira Sacra, as súas fragas, os seus sucacos, as súas augas e as súas xentes onde os meus devanceiros aprenderon a debullar as primeiras verbas desta nosa lingua e foi coas xentes destas terras onde fun amantado e arrandeado no berce do galego, despois viñeron outros aconteceres e outras xeografías, máis o acadado naqueles lugares deixou fonda pegada na miña persoa e non deixou de acompañar-me ao longo de todos os anos da miña vida persoal e profesional.

Neste momento, que con todo coñecemento de causa e de xuízo me dispoño a legar os meus bens ás persoas que xunto a min teñen feito unha gran parte do meu percorrido vital, emocional e sentimental, desexo que ademais dos poucos bens precedeiros, o meu fillo Martiño e a miña dona María, teñan tamén moi presente esa parte chamada “inmaterial” que me ten acompañado ao longo da miña vida e de xeito moi especial

a todo o que ten relación coa nosa cultura e de xeito sobranceiro coa nosa lingua.

Só mantendo un mundo diverso, plural e pragado de cores poderemos emocionarnos coa vida e a súa contorna. Só da diversidade na cultura e nas persoas xorde o progreso e o benestar. É por iso que o noso idioma ten feito a súa alicota parte de contribución ao desenvolvemento da humanidade e polo tanto temos que coidalo e acariñalo para que siga nese devalar.

O meu desexo para os meus herdeiros é que eles sexan quen de manter acesa esa lumieira que ten permitido que a lingua galega teña chegado ata os nosos tempos e sigan avivando ese lume que a mantén viva e espallen entre amigos, conveciños e futuros herdeiros este amor e fidelidade para que xamais esmoreza a súa chama.

*En Ourense, o 1º de agosto de 2013
Xosé Luís Álvarez Prieto
Diplomado en Enfermaría*



En galego, agora e sempre

Eu, Xosé Pío Álvarez Rodríguez, nado en Celanova, terras de San Rosendo e fillo do Pepiño do Germán, gustaría de deixar aos meus descendentes un tesouro. Un tesouro que non é ouro nin prata, nin xoia nin abalorio. Con el poderedes rifar, pero tamén namorar, cantar e máis laiar, agarimar e ata mal falar.

Quérovos deixar unha lingua. Un tesouro que eu herdei dos meus antergos. Unha lingua que foi Real no seu tempo, despoixa, mancillada e esquecida e que loita para ser respetada e vivida.

Quero que a coidedes como eu a coidei, e que cando chegue o voso día, sexa lingua admirada e que aos vós herdeiros llela deixedes en herdo.

Xosé Pío Álvarez Rodríguez
Administrador de Loterías de Celanova

Eu nacín en galego. Non foi por vontade propia. Non se pode escoller. E vivín en galego. Eso si que o escollín. Esa si que foi sempre unha aposta persoal, porque con Galicia e coa nosa fala identifícame e comprométome. Galicia dalle sentido a moitas cousas e permíteme entender unha realidade que nos é propia.

Aos meus fillos José Manuel e Luís quero deixarlles como herdanza ese amor á terra, ese amor ao noso que vai máis aló do material. Quero que gocen dos nosos verdes, dos nosos montes, das nosas augas -ríos, regatos, e ata da chuva-, quero que respiren a brétema e que se abracen ao sol quente do verán. Quero que se sintan galegos, porque o son.

José Luís Baltar Pumar
Expresidente da Deputación de Ourense

Eu, Anxo Barrera Dopazo, nado en Maceda, provincia de Ourense, veciño desta capital, casado con María Concepción Aldemira Requejo coa que tivo o fillo Anxo e as fillas María e Lucía, poño de manifesto o meu derradeiro desexo:

Cando eu morra, quero que os meniños mamen o leite da lingua, a cultura e o espírito do noso Pobo.

Cando eu morra, quero que os rapaces e rapazas aprendan a bailar a muiñeira.

Cando eu morra quero que un carro cante.

Cando eu morra, quero que a gaita cante máis que chore.

Cando eu morra, quero que as anduriñas traian lembranzas dos irmáns que teñen saudade da Terra e endexamais leven un adeus.

Cando eu morra, quero que a nosa xente siga a comer o polbo na feira.

Cando eu morra, quero que se perciba o arrecendo da empanada saída do forno dun pobo.

Cando eu morra, quero que as xoubiñas leven o acompañamento de pementiños de Herbón e Padrón.

Cando eu morra, quero que se escoite o vento cando se acariña a frouma dos piñeiros.

Cando eu morra quero que nosos mozos e mozas descubran a cor do espírito e a bandeira da Patria Galega nas lapas da queimada e aquelas lles alumeen o camiño comezado polos nosos devanceiros.

Cando eu morra quero que sexa na rompida do día azul con brétema.

Cando eu morra quero que a Galicia do Universo, endexamais morra.

Maceda a 29 de setembro do ano 2008

Anxo Barrera Dopazo

Excomisario Policía Nacional

Nomeo como meus herdeiros a todas as persoas que me sobrevivan, así como as que veñan a este mundo despois de eu telo deixado.

O meu legado non foi gañado pola miña persoa, senón que foi herdado dos meus devanceiros, eu só me dediquei a querelo, coidalo, defendelo e transmitilo, e pido, como única condición, a quen o herde, que o queira, o coide, o defenda e o transmita como fixen eu.

Herdei vida de aldea, infancia sen pechamentos, amizade sa, veciñanza familiar, e deixo en herdanza a miña aldea e moitas aldeas galegas que están dispostas a dar vida e felicidade.

Herdei natureza e coideina todo o que puiden, e dígolle aos meus herdeiros que paga a pena coidala e protexela, pois só ela é capaz de darnos o aire que respiramos, a auga

das fontes, o bruar do vento ou o cantar dos paxaros, ademais de alimentarnos e darnos o sustento.

Herdei a condición de galega, e con iso a cultura dun pobo, tradición, arte e lingua, lingua diferente, fermosa e útil, porque só nesta lingua son capaz de expresar os meus sentimentos e só o galego me permite transmitir a miña herdanza. E pido a todos os meus herdeiros que a valoren como o que é, ferramenta imprescindíbel para defender o noso ser. Como ben dicía Castelao “se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”.

*Puri Caldelas Rodríguez
Enxeñeira técnica agrícola
Traballadora de FRUGA*

Cando eu xa non estea, meus pequenos, quero que teñades aprendido o nome dos paxaros que tanto me gustan. Tanto dos que pasan aquí o inverno, como dos que trae a calor da primavera, que son tan nosos coma os outros.

Quero deixarvos a asociación de cores, sons e condutas para que lles saibades poñer os nomes que eu aprendín do meu pai, dos amigos e dos libros.

Quero que saibades que todos son importantes, o común xiroto, e o de aspecto tropical Ouriolo, ou Papafigos, ou Vichelocrego; que estes nomes ten e outros máis. Tan rico é o idioma! Que cando, na noite escura do inverno escoitedes un laído que pon medo recoñezades a Avelaiona, a quen non hai que terlle medo, está no seu territorio e chama pola súa parella. É un canto de amor.

Paxaros de vilas, de fragas, de montañas, de campos abertos e cultivados, paxaros de lagos, lagoas e ríos, paxaros do mar...

Quero que cando cheguen as Andoriñas e os Cirros na primavera vos acordedes de min porque os esperei con agarimo e os despedín con tristura.

Pepe Calleja
Ornitólogo

Meu pai chamábase Eugenio e eu sempre serei “o do Eugenio”. Todo polo seu pai, e ben puidemos ter sido os tres Uxíos se daquela a prioridade da fame non fora un mal menor que o cárcere. Foi pensionista, aínda que apenas puido exercer desa privilexiada condición de serenísimo avó. Galego coma nós, emigrado no País Vasco coma tantos e tan orgulloso e xeneroso de seu que llo entregou todo á esa marabillosa terra. Hoxe o Eugenio xa agarda cos nosos antepasados na súa Parada de Ribeira natal, Xinzo da Limia, ata que o deus da enxeñería biomecánica dispoña que algún día volvamos trenzar xuntos as restras do noso imaxinario colectivo.

E neste intre, en pleno uso de todas as miñas facultades, quixera facer voluntariamente esta manda testamentaria na persoa da miña dona María e dos nosos fillos Claudia, Daniel e Adrián, netos do Eugenio,

desexando que tanto o meu cativo patrimonio material como a primordial herdanza da que dispoño, o amor á nosa terra, á nosa cultura, ás nosas tradicións milenarias e sobre todo o amor á nosa fermosa lingua galega, todo elo recibido do Eugenio e dos seus pais, sexa cultivado e tamén transmitido aos nosos herdeiros, e que chegado o tempo do pasamento, toda esta bagaxe emocional sexa fiel testemuño do epitafio do meu fin, o que sen ningunha dúbida fará que a nosa memoria siga viva na infinda cadea da eternidade.

*Na Limia, o día 15 de xullo de 2013
Xosé-Lois Carreira.
Artista*

Cando me chegue o momento de restituír á nosa Terra o que ela me ten dado, cando lle devolva a materia coa que fun feito, heille agradecer tamén a cultura e a lingua que me fixeron vivir como home galego. Por iso, a meus familiares, amigos e coñecidos quero facer manifestación do meu pensamento.

Pido que, asi como a ninguén se lle escapa que debemos mirar polo futuro do noso país, coidando dos mil ríos galegos e preservando de lumes as nosas fragas, tamén se protexa a nosa lingua para que perdure máis alá das mil primaveras que quería o poeta. Porque esta non é un adorno supérfluo da nosa realidade, como queren considerar algúns que a substituirían ffacilmente por calquera outra, senón que é o único medio que fai posible a nosa identidade de galegos, que lle chamemos ás cousas polo seu nome axeitado, que nos entendamos como é debido, que gocemos plenamente do noso lirismo e do noso humor. Aínda que só fose pola retranca, paga a pena o esforzo de

coidar da nosa fala. Considerade, por outra parte, se Rosalía, Castelao, Otero Pedrayo, Cunqueiro, Carlos Casares e tantos outros grandes galegos perdoarían que a deixemos esmorecer.

Pido que sigades esixindo ás autoridades políticas que formen ás novas xeracións no ensino cada vez máis perfecto do galego. Por que en tantos casos ha ser farrapento?

Cando eu non sexa máis que cinsas espalladas nun recuncho do País, non pido ós meus recordos nin preces, que de nada me han servir, senón que conserven e mesmo acrecenten os libros en galego que hai na casa, que a eles si lles servirán.

E agora que a redacción deste escrito me deu a oportunidade de reflexionar sobre o meu pasamento, tomo a decisión de redactar o texto legal da manda neste fermoso idioma.

*Xosé A. Carrera
Comerciante en Xinzo de Limia*

Co gallo destas verbas, cavilei moito sobre a miña evolución cos idiomas. Lémbrome de cativa aturar mofa por tentar falar en galego, tamén do lado oposto, mesmo a día de “huxe”, porque ando sempre a morar entre diversas terras.

E por “iso”, que como amante da miña terra e idiosincrasia, da miña paixón pola comunicación, acho que o fin último de toda relación é o entendemento mutuo. Na miña experiencia persoal, tento traballar o respecto e a tolerancia, a miña derradeira decisión foi -e será- falarlle a persoa que teño diante na lingua que ela escolla, sempre que a coñeza, aínda que sabemos que, sen termos a mesma linguaxe, dúas ou máis persoas vanse entender entre elas, se así o desexan.

Sempre adorei a lingua veciña, a portuguesa ou o galego da costa occidental, con

ese fermoso seseo e gheada, non acado en comprender o uso destas -e outras- fermosas ferramentas comunicativas como ataque de exclusión, e, máis aínda, cando temos sona de ser un pobo xeneroso, solidario, acolledor e hospitalario.

Ora que, como crente na autocrítica, aproveito este manifesto para pedirlle á xente que o galego, a lingua do noso pobo e familia, sexa máis inclusivo. Como galega, a nosa sociedade e, por ende, a nosa lingua -máis ou menos reintegracionista, ó gusto de quen le- segue a servir ás correntes patriarcais que se impoñen nun mundo onde se antepoñen cousas banais antes ca Natureza -humana, animal ou vexetal-. E, por “iso”, que a miña derradeira arela é trocar, e que a miña lingua sexa paterna, mais tamén materna.

Onde as mulleres galegas poidamos sentirnos parte desa cultura a que desexo

pertencer. Emporiso, hai que traballar e mudar costumes moi arraigados, tanto mulleres coma homes. É un camiño arduo e, polo que se atinxe, moi afastado. Con moita tristura, semella que non vivirei para ver ó remate deste vieiro, a non ser que vós e nós queiramos.

Xudit Casas
Directora de cinema



En galego, agora e sempre

Proclamo o meu compromiso vital permanente coa lingua. Son fillo desta lingua que me aleitou e me criou con palabras de vida. Lume quente que protexe da friaxe das noites invernais e ar fresco que alivia o abafado estival, pan cocido que ten todos os sabores da auga e da terra. Lazada emocional cos tempos afastados, cos pais e cos avós, maxisterio das verdades esenciais.

Fala de nós, lexítima verba, arca do saber e do sentir, celme do existir, patria íntima, fantasía de sons que nos alenta e nos eleva, morada que nos congrega. Cerva ferida de abandono e desamor, estraña e desconcertada no balbordo da cidade.

Fascinante empresa común, o noso máis valioso ben artístico e colectivo, en constante proceso de recreación, a nosa máis grande contribución á cultura e ao progreso da humanidade.

Alén do dereito fundamental que nos asiste, temos o deber de transmitirmos ás xeracións vindeiras tan maravilloso medio de expresión, orixinal maneira de interpretación da vida e do mundo. Legado xeneroso de centos de millóns de galegas e galegos de centos de xeracións, merecentes do tributo de gratitude e recoñecemento. Quero que os fillos dos meus fillos poidan seguir agasallando ós seus con galanos verbais portadores das máis intensas vivencias, das máis fecundas ideas, dos máis íntimos sentimentos:

*Xinzo de Limia, 1 de agosto de 2013
Delfín Caseiro
Inspector de Educación*

O día que eu morrer, a primeira cousa, que do meu corpo aproveiten o que poida servir para outras persoas, se é que aínda se puider aproveitar algo. Despois, que queimen os meus restos. E por favor, que non haxa tristeza. Antes ben, que lembren que fun alguén que viviu intensamente, alguén que lle tirou proveito ao privilexio e á alegría de estar vivo.

Neste momento de últimas vontades, gustaría de vos chamar a atención sobre un patrimonio común: a lingua galega, o noso tesouro. Que non vos enganen os ignorantes, os altivos ou os inimigos da lingua: descubrid o tesouro. A súa musicalidade, a súa grande riqueza expresiva. É un ben común, unha herdanza, sede conscientes diso. Faláde a e escribíde a. Saboreáde a, gozáde a, ride con ela. Compartíde a. Deixáde a entrar no corazón. E, se pode ser, amáde a, facede o amor con ela.

Con tanta ou máis paixón da que tiven eu.

*Mosteiro de Ribeira, 1 de xullo de 2013
Silverio Cerradelo
Veterinario e escritor*

“... e nomeo herdeiro ao meu único fillo, Román, home bo e xeneroso, a quen deixo o escaso patrimonio material que posúo: a vivenda, as leiras, as ferramentas, e todo de canto me pertence que se poida pesar ou medir.

Lego ao meu fillo, e a quen descenda do meu fillo, o usufruto universal e vitalicio do patrimonio inmaterial que recibín dos meus devanceiros, nomeadamente, o noso idioma, a nosa fala, a nosa lingua.

Mando, por esta derradeira vontade testamentaria, que este legado inmaterial sexa coidado, conservado e enriquecido polos meus legatarios e, xa que é patrimonio do pobo, sexa compartido por todas as xentes de ben deica o fin dos tempos.”

*Xosé Carballido Presas
Funcionario*

Este é o derradeiro desexo que lles pido aos meus herdeiros e herdeiras no intre da miña morte. Quero que se xunten nunha fraga, que sintan o frescor da auga dun regato, que inspiren o arrecendo da natureza, e que á sombra de carballos e castiñeiros pasen o día a tocar, cantar e bailar sons da nosa Terra. Non deixedes que pare a roda da zanfona, non permitades que o aire non corra polo ronco da gaita nin que se enferruxen as ferreñas da pandeireta. Repinicade con ledicia os puntos da muíñeira tal e como vos ensinei, e, cando chegue á noiteña, xuntádevos á carón do lume para contarvos historias de tardos, de demos e desas anécdotas que tanto gustabades de escoitarme cun sorriso nos beizos ou co medo nos ollos. Sentídevos orgullosos da Terra que vos viu nacer e facédeo en galego, posto que a miña lingua en vós é o maior legado que podo deixar. Non deixedes es-

morecer as verbas do noso idioma pois con elas esmorecería a alma toda da nosa Terra e amádea e valorádea para enxergar un futuro mellor para a nosa Galiza.

Liliana Carro Estévez

Ademais de todos os bens materiais, déixolles ós meus herdeiros as sementes para colleitar un profundo e sincero amor por este país. Déixolles a Xulio e a Antía estas sementes que recibín dos meus pais e familiares, dende o primeiro momento de naceren, e máis tarde de todos os galegos que cultivaron este nobre sentimento, deixándoo gravado e impreso na nosa lingua, en moitos manuais, enciclopedias, creacións literarias e artísticas cos que convivimos na nosa casa e na nosa contorna. Entre estas sementes atópanse as forzas para loitar por este país, con medios pacíficos, co convencemento de que o esforzo colectivo de todos os galegos servirá para construírmos unha terra próspera e libre, nun mundo tamén libre, pacífico, xusto e solidario.

Xosé Manuel Cid
Decano da Facultade de Pedagogía de Ourense

Non vos hei de maldicir, nin volo hei ter en conta, pero sabede que malia o moito que xa vos teño amado, a vós, miñas tres fillas, aínda vos hei amar moito máis e tenramente se a lingua que vos aprendín de nenas e na que vos dixen as cousas máis sentidas, aquelas que xurdiron do meu corazón de pai, é a que vós sabedes vosa e a que lle transmitides con amor á xente que veña ocupar o voso lugar no mundo.

Heivos bendecir, miñas tres rulas, se facedes iso que vos digo sen deixar de saber que ningunha outra lingua vos debe resultar estraña, que ningunha outra vos debe resultar allea e que todas elas deberedes defender -máis a propia, claro- daqueles que as maltraten, daqueles que as opriman e pretendan esmagalas; porque con elas, con todas as linguas, nace a liberdade de cotío, e porque xa sabemos, meus tres amores, que unha lingua non é nunca inimiga doutra

lingua, senón que o seu inimigo é tan só aquel que pretenda a propia como a única e exclusiva, o seu pensamento, o único e demoledor dos outros, a súa verdade a boa, as demais malas, totalitarismo en estado puro, como vós e máis eu sabemos a estas alturas do camiño.

Alfredo Conde Cid
Escritor

Sei que un día calquera o que de materia fique de meu, esmorecerá nun cadaleito aló na Veiga da Espiña onde os mortos van río arriba como as troitas; aló, rente ao Navia ao paso polo Meiral. Meu espírito pasará ao Oriente Eterno procurando –ou mesmo canda a Luz da Verdade-, mentres as augas do río dos meus soños debuxarán figuras latexantes co Compás e a Escuadra, facendo Planchas con lápiz da Lúa e Sol sobor da area pizarrenta e brillante na lingua dos devanceiros. Na de Curros, Fuco Gómez, Ánxel Casal, Lugrís Freire, Arturo Cuadrado, Portela Valladares..., e tantos outros irmáns aos que me sinto unido na Fraternidade Galega e Universal.

Sei que a partir dun día calquera de calquera hora, minuto ou segundo, só ficará de meu o recordo do que fun, fixen, ou deixei de facer. Daquela, e xa desposuído de metais e nú de todo valor material, acompañado dos meus

soará a canción “O vello e o sapo” cantada por Pucho. Gustaría, tamén, que na lousa que feche os meus ósos, baixo a Gravura do Compás e a Escuadra de Eterno Aprendiz, ficara este epitafio: “amou a súa Terra, a súa lingua, a súa Cultura, á Humanidade. Foi un Bo Galego, unha Boa Persoa”. Digo que gustaría, pois se son merecente de tal eloxio non son ninguén para dicilo é demasiado arrogante e ousado.

En todo caso, digan ben ou digan mal, vivo ou morto, que sexa na lingua que mamei das entrañas da miña nai, das entrañas de Os Ancares, da Emigración en Catalunya (miña segunda Patria) e das Terras Caldelás.

Kike de Vidal Navia
Animador cultural

Cando se torne escura esta curta vida, chea de bens efémeros, sería o meu meirande desexo legar ós meus fillos un ben perdurable no tempo e no máis fondo dos seus corazóns, para que eles no futuro, cando teñan os seus, poidan achegarlle ó seu patrimonio espiritual a mesma herdanza, tal como fixeran comigo os meus devanceiros desde hai moitas xeracións. Este ben non é outro co noso idioma, no que nos criaron e agarimaron con tenrura os nosos pais e avós e no que acougamos as inquedanzas dos nosos fillos cando eran cativos. A lingua na que vivimos as nosas ledicias e choramos as nosas coitas. A lingua na que se pousa unha rica cultura de centos de anos que lle dá identidade a un pobo cheo de matices, desde a raia de Feces de Abaixo á Mariña Luguesa, e que moitas veces tentaron abafar os que nunca viviron. A lingua que serve de vencello entre as nosas xentes.

Xosé Luís de Luís Gallego
Comisario de Policía

A vida dunha persoa pasa lixeira como a auga do río. Víame onte neno, logo adulto, hoxe irremediamente vello. Xa non camiño para ningunha parte. Remataron as présas. Non me agarda unha esgotadora xornada laboral, nin as mans dunha rapaza namorada, nin os chorados amigos que se afastaron para sempre.

Dende o privilexiado cume da experiencia acumulada, ó longo dos anos, pódese diferenciar mellor o transcendente do accesorio, o necesario do pulo do vórtice cotiá que nos confundíu, o esencial do anecdótico, o grao da palla. Légovos e encoméndovos que gardedes como alfaías o máis prezado que puideren gozar ó longo destes cansados anos: a nosa memoria histórica, o medio ambiente, o patrimonio monumental e a lingua. Atesouran o factor diferencial co que todos os galegos deben afrontar o futuro.

Xosé Manuel del Caño
Xornalista

Eu, Celso Domínguez, nado en Rodicio de Seoane, Allariz, terra de millo e castañas e casado con Inés en Beade, no Ribeiro do Avia, déixolles ós meus fillos o souto do Covelo para que cada ano, cando polos Defuntos vaian coller as castañas, saiban dos seus avós paternos os nomes de Soutarenga, Longueliña, os Toxás, Lameiro do Trigo, Caroceiras, Lamalonga...

Asemade déixolles no Ribeiro as castes do brancellao, o caiño, o sousón e a treixadura, por se cos anos, lles dá por seguir a tradición familiar.

E por último, déixolles o piano, a frauta, o acordeón, o violín, e sobre todo a trompeta e o fliscornio do avó Pepe, para que sigan soando na nosa terra alalás, foliadas, muiñeiras e cantos de vendima.

E o recordo da súa nai, falándolles sempre na nosa lingua.

*Celso Domínguez Domínguez
Colleiteiro*

Quero engadir unha derradeira manda a este meu testamento: a miña vida dediqueina ó teatro galego. Foi un esforzo enorme, pero pagou a pena. É unha opinión que compartimos moitos compañeiros de profesión. Cando miramos para atrás decatámonos do camiño andado. Pasamos de facermos representacións en locais desaxeitados e en precario a facérmolos agora en teatros modernos e dotados de todos os medios e comodidades. A televisión e o cine son tamén, hoxe, medios importantísimos para normalizar a nosa lingua.

O camiño andado foi moito, como digo, pero os avances tamén enormes.

Desexo que os meus herdeiros saiban recoñecer o esforzo que eu fixen, na parte que me corresponde, por dignificar a lingua galega. Pídlles que sexan continuadores desta tarefa e que todos os anos, para agardar acesa a miña memoria, celebren

un acto teatral en lingua galega de forma itinerante polas vilas galegas.

Antonio Durán "Morris"
Actor

Pola miña vontade, ceibe e cabalmente manifestada nesta manda, sen que ata o de agora (e agardo que así sexa mentres teña un alento de vida) ninguén fose quen de me afastar da vereza, limpa e serea, que tracexei hai xa tantos anos cando partín cruzando o gran océano, aínda que moitos o intentaron, pídovos a vós, meus fillos e herdeiros, que ademais de non perderdes endexamais a dignidade que todo ser humano debe manter celosamente, nin a capacidade de elixir libremente o voso camiño por moitos atrancos que aparezan, levedes sempre como estandarte, igual que o voso pai durante anos en tan distintas e variadas xeografía, o amor por Galicia e a súa lingua, o cariño pola Terra e por todo canto nela de ben vive e latexa, o respecto polos vosos devanceiros, que moitas veces sen preténdelo, co seu esforzo e dedicación en terras alleas, acenderon o lume que alampou nos nosos corazóns e que nunca,

endexamais, debes deixar que esmoreza. Quero tamén que sexades conscientes, para que valoredes a importancia deste legado, que aló en tan distantes lugares, tan lonxe do Muíño Novo que está no Río da Serra, aló onde non chega o repenicar de San Breixo reclamando aos mortos, nin o rular das pombas namoradas cruzando o Areal, nin a música festeira das gaitas da banda municipal, nin tampouco ese vento lene que trae pola Hermida recendos de pan quente, non hai ledicia máis grande que atopar un amigo e falar con el na nosa lingua, porque nela se consume e resume, como se fora un milagre, toda a nosa historia, todas as nosas vivencias e fantasías, todo o que somos, fumos ou queremos ser, os soños a fin de contas de tantas xeracións que ao conserva-la como un tesouro nos deron a patria á que nunca renunciaredes.

Luis Esperanza (Piarrá)

Eu, Celia Inés Feijoo Soto, filla de Inés Soto e Constantino Feijoo de Vilanova dos Infantes:

Quero deixar aos meus herdeiros: Oscar, Xulio, Iago; ademáis dos bens materiais que me poidan quedar, un ben inmaterial e cultural que é a nosa “Lingua Galega”, que mamei de nena e que tiven a sorte de impartir aos numerosos alumnos/as que pasaron polas miñas aulas, durante os moitos anos que lle adiquei ao ensino. Fíxeno con todo amor e cariño do mundo e orgullosa de poder transmitir-llelo aos meus descendentes.

Quero que cando a morte me leve, poñan como epitafio: “Puxo todo o seu traballo ao servizo da normalización da nosa amada lingua para que perdure durante xeracións de galegos e galegas”.

Rememorando as verbas de Murguía: “O pobo que conserva amorosa súa lingua, ten nas maus a chave da porta...”

Ramón Piñeiro dicía: “A lingua, ven a ser a ialma viva do pobo” e Alvaro Cunqueiro escribía: “mil primaveiras máis para a nosa lingua”. Iso tamén é o meu desexo, logo de poñer todo o meu traballo na Universidade Popular e nos diferentes institutos de Vigo, nos que din todo o que puiden de min.

*En Vilanova das Infantas a 18 de agosto 2015
Celia Inés Feijoo Soto
Mestra de galego*

Eu, Sara Feijoo Soto, fago a miña manda testamentaria.

Aínda que nunca quixen matinar sobre isto, hoxe fágoa presente:

Quero que todos os meus bens materiais sexan para aqueles que amo e para quen vivín e dedico cada momento da vida.

Que aqueles principios que guiaron a miña vida, o amor ós demais, a comprensión, a tenrura, o apoio nos momento difíciles que vivín con eles sexan un referente.

Que os feitos familiares dos nosos antergos estean presentes nas súas vidas, como estiveron na miña.

As figuras familiares da miña avoa, doce e xenerosa; do meu pai emigrado pero sempre presente; da miña nai ocupando a figura paterna, pero evocándoa sempre.

Que conserven na memoria os relatos da intra-historia da nosa familia marcados

polo exilio, a guerra, o amor á terra, á fala e a liberdade encarnados na figura familiar do noso tío. E que este soños meus se fagan realidade neles.

*En Vilanova das Infantas o 13 de xullo de 2014
Sara Feijoo Soto
Profesora*

Os tempos son chegados e feita a relación dos bens materiais que vos quedan, todos para vós, meus fillos, paso a legarvos a máis prezada das miñas posesións: a terra e a súa fermosa lingua. Con ela vos merquei larpeiradas e foron os seus contos e lendas os que vos durmiron, con ela apredíchedes a bicar e a ledicia que implica. Xa fóra comprendístedes a morriña grazas a ela e atamos coas lembranzas o noso pasado e o noso futuro.

Déixovos agora o respecto polos demais, a importancia da paciencia e de saber agardar en silencio, o sorriso comedido e a risa soamente cando sexa certa, bailar sen mirar o reloxo e as ameixas. Todo o bo e todo o malo, sen menosprezar ningún instante que ben nos fixo medrar.

Din os rumorosos que os tempos son chegados, polo que quero que se declare como a miña derradeira vontade que non vos durmades, non

vos rindades e loitade polo voso, os vosos e a terra que vos veu nacer.

Non deades a esquecemento pregoar a nosa voz, coidade das nosas verbas e lembrádelle aos vosos fillos que naceron nun pobo que sempre ergueu a cabeza, que cría nas meigas e endexamáis temeiu treboadas porque ama a néboa e o seu cheiro. Agora, e sen bágoas pola miña marcha, honrádeme ensinándolle aos meus netos e netas a bailar ao son dunha muñeira e manter o rezume a empanada mentres o corazón latexe.

*Agustín Fernández
Funcionario*

Quen escribe, Miguel Anxo Fernández Fernández, fillo de Elisa de Freás de Punxín, e de Amadeo de Vilela de Punxín, nado no Carbaliño no ano de 1955, antes barrio de Framia e agora avenida de Compostela, que circunstancias da vida me levaron a crer nun país de imaxes propias en movemento, cando tanto dependen delas os seus valores identitarios, para o seu pervivir futuro coa indivisible compañía da nosa lingua, transmito ese mesmo sentimento a meu fillo Álvaro, xunto cos meus escritos, volumes e fondos documentais, coa manda de que os conserve, os transmita e os ceda para canto cumpra nese obxectivo último de preservar os sinais diferenciais dun país de seu, nun tempo no que a transmisión do ser cultural tanto está a depender das ferramentas tecnolóxicas da comunicación global. Ao tempo, reafirmo e demando ante os meus paisanos desta Galicia común, presentes e

tamén por vir, que a nosa lingua galega sexa conservada, enriquecida e espallada, como xa fixeron os nosos antergos, xeración tras xeración, como a esencia real e espiritual da Terra Nosa.

O Carballiño, 1 de setembro de 2013

Miguel Anxo Fernández

Escritor

Para Viruca, Antía e Saleta, compañeira e fillas:

A vós, que sodes as miñas herdeiras, ademais das cousas materiais que xuntei ó longo dos días que me tocaron en sorte, déixovos os seus nomes para que os gardedes no recuncho con máis lentura da vosa alma, onde endexamais se perdan, pois neles vai boa parte do senso da miña vida. Déixovos tamén a leira do Outeiro, cos seus carballos e piornos, cos merlos, gaios e demais paxariños que neles aniñan, coas curuxas que os entretén de noite, e os grilos. Nada máis material teño, máis déixovos tamén a terra-nai que me aleitou, e con ela, o seu ben máis prezado, a nosa lingua na que vos estou a falar, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos costumes, en fin, o feito diferencial de Galicia, enerxía colectiva que nunca esmorece, para que o coidedes, mimesdes e ós vosos en herdanza tamén deixedes.

Déixovos, tamén, a obriga de manter acesa a chama de todo aquilo que nos fixo como pobo, que representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre.

Antón Fernández Álvarez
Profesor da Universidade de Santiago de Compostela

Despois de ter repartido os bens materiais por partes iguais, por derradeiro quero, miñas queridas fillas, engadir un legado que non se pode mercar ou vender, o que deixo non me pertence só a min, pero é o máis valioso que teño, a terra da que somos fillos, terra á que foron dando carácter os nosos devanceiros, contruíndo unha cultura, un pobo, unha lingua, o galego, e por iso vos deixo a encomenda de que a coidedes como a nai vos a que é.

Castrelo de Miño, 7 de setembro 2013
Alfredo Fernández Rodríguez
Veterinario, rexedor municipal e adegoiro



En galego, agora e sempre

Para cando a brétema xa non volva a levantar, estes son os meus desexos en canto á vosa herdanza:

Os escasos bens materiais que deixo non serán nunca excusa da que xerminen refregas ou desacougos, pola contra, compraceríame moito que fosen coma espelliños salteados reflectindo entrañabeis recordos de tantas vivenzas compartidas.

Pero hai outra parte da herdanza, a de máis aprezo, esa que a cotío se vos foi dando den de que vistes a luz por vez primeira. Falo da consciencia das vosas raíces, do apego á terra, á familia, e a estima da nosa cultura e da nosa lingua. Ide coa cabeza ben alta e gabádevos de posuírdes este singular tesouro. Perténcevos de pleno dereito o seu uso e disfrute, pero decatádevos tamén de que sobre o mesmo pesan algunhas cargas e gravames que debedes respetar

e cumprir. Así, pois, sede coherentes, rigorosos e auténticos na defensa dos nosos valores e non vos prestedes a oportunismos miserentos. Acrecentade este patrimonio que recibistes dos vosos pais e dos vosos avós, facendo que siga a medrar nas vosas vidas e nas dos vosos herdeiros.

Aínda que nacidos fóra de Galicia, ben sabedes que a vosa alma é a galega e a vosa fala tamén; non perdades nunca ningunha das dúas cousas.

Emilio Fernández Vázquez
Comisario de Policía

A idea da morte, se me paro a pensalo e reflexiónalo, é algo moi presente na miña vida. Esta idea non xera no meu interior un pesimismo vital, máis ben todo o contrario. Isto fai que trate de aproveitar o tempo o máximo posible dentro duns límites que son marcados por unha escala de valores que rexen e dirixen a miña existencia. Son consciente de que a morte agárdame.

Cando nos recoñecemos mortais é cando evocamos o eterno, cando prezamos o valor da vida e cando nos preguntamos sinceramente que significou todo.

San Rosendo, fundador desta gran vila de Celanova que con toda humildade teño a honra de presidir como Alcalde, quero que estea presente aquí a través da súa manda testamentaria que el mesmo escribiu do seu puño e letra o 17 de xaneiro de 977, e amoso estas pinceladas literais deste testamento:

“Ti que governas a fábrica do mundo, do mar e do ceo, que tes contados os días e os momentos, rógoche concedas perdón ás miñas iniquidades, indulxencias ás miñas maldades, e arreda de min todo o que poida ser atranco para a miña alma e oposto a xustiza”.

“Fago doazón e concédovos este lugar con todas as súas aldeas e granxas con todo o que foi doado polos meus irmáns ou herdade dos meus pais ou acadados da benignidade dos reis todo canto eu aínda poida conquistar.

O santo viviría aínda 42 días, finou o 1 de marzo do ano 977.

*Celanova, 19 de agosto de 2013
José Luís Ferro Iglesias
Alcalde de Celanova*

En Ourense, o vinteún de outubro, no ano do Padre Frei Martín Sarmiento, eu, Xoán Ignacio Fonseca Moretón, fillo de Álvaro e de Pilar, nado meu pai na moi nobre e moi leal cidade de Tui, antiga capital do vello Reino de Galicia, sede ilustre da diocese do mesmo nome, patria do arcebispo Lago González, e bastión da defensa de Galicia fronte ós piratas e invasores franceses. Nada miña nai no non menos ilustre concello de Ponte Canedo, hoxe anexionado a Ourense. Fillo de familias honradas, galegas e dignas, no meu san xuízo, comparezo libre e voluntariamente perante persoa capaz de dar fe e testemuña da miña decisión, co ánimo de que se lle dea cumprimento á miña vontade. O meu desexo é que, á parte dos bens que lles poida legar ós meus herdeiros, presentes e futuros, reciban como un patrimonio espiritual que deberán administrar e gozar,

o meu amor e respecto pola terra que me veu nacer e me vai soterrar. Que consideren coma unha honra suprema amar, defender e dignificar toda a súa vida esta nosa terra, ós homes e mulleres que a engrandecen e exaltan, e o máis valioso tesouro que unha persoa pode ter de seu: a nosa lingua. Esta é a miña vontade, e na medida na que os meus fillos e descendentes me respeten, deberán observar esta manda de amor a Galicia.

Xoán Fonseca Moretón
Secretario de Administración Local

Eu, Xulio, veciño de Ourense, nado na Galicia emigrante e de patria libremente elixida a galega, casado con túa nai Patricia, fillo, xunto coa Sonia, da Rosa do Ferreiro e do José dos Canolas, veciños de Maside; neto por parte de quen me pariu da Matilde e do Manuel, veciños da Gándara de Guillairei; bisneto, por un rego, da Encarnación e do Antonio, veciños da Fenteira, e polo outro, bisneto da Amalia e do Antonio dos da Costa da outra beira do pai Miño, veciños de Ribadelouro.

Polo carreiro paterno, neto da Esther e do Julio, veciños de Maside; sendo os pais da avoa a Generosa e o José Benito, veciños de Figueiredo e os do avó a Concepción das Pardilleiras e o José, veciños de Faquín, Garabás.

Pois ben, eu, teu pai, miña benquerida Alexandra, fago saber para coñecemento teu e de

quen corresponda, que somos, ata onde a memoria dos presentes abrangue, herdeiros de xente do común, humilde, sufridora cando os astros o ordearon e alegre cando o permitiron todos eles, ao igual ca min, xente coas súas eivas e as súas virtudes.

Tamén hai algo máis que quero facerche saber. Algo do que me sinto orgulloso. Na nosa familia, ao longo das moitas longas noites de pedra (das escritas e das que non o foron), a lingua na que choramos, rimos, traballamos, amamos, soñamos, en definitiva, vivimos, sempre foi a mesma. A que flúe polas nosas veas desde hai xeracións. A lingua da Terra. A nosa lingua proletaria.

É por iso, que acordo neste acto facervos un pedimento a ti, Alexandra, e a quen máis proceda. Non permitades que cando a noite dos tempos me sexa chegada, me impidan cumprir aquela provisión ad eternum que me fixen na madurez da miña nenez. A de

vivir, e no seu momento morrer, na lingua dos meus.

E para rematar, non agocho que, aló onde me atope, serei venturoso si, ao cheirarvos aos que aquí ficades, achase que nas primaveras que o destino puxo no voso camiño fósedes quen de contribuír a que a nosa fala, a fala Nai, a fala dos nosos devanceiros, sexa tamén a fala dos que están por vir.

Que co voso esforzo, cada xardín primaveral das nosas letras xurda máis florido que o que vos deixamos en herdo.

Sen máis que engadir, deséxovos boandanza e saúde!

Na Terra, un dezaioito de agosto de dous mil quince.

Xulio G.Costas
Pai da Alexandra e veciño de Ourense
Técnico de facenda

Saiban cantos este testamento lean como seu, Elena Gallego Abad, escritora e xornalista, san e con saúde, con todo o meu entendemento e plena vontade, mando que se garde a miña memoria na lingua do meu pobo, en galego.

En lingua galega escribo porque así penso, porque así amo aos meus, porque así vivo e así quero que se me mantéña na lembranza.

Avós, meus herdeiros, déixovos un legado de verbas e de soños, de historias recuperadas do esquecemento e personaxes de ficción, escritas nesta lingua tan fermosa. Esta é a herdanza máis preciosa que podo deixar a aqueles que máis quixen, porque a memoria dos meus personaxes permitirá que eu siga alén deste corpo que me alberga e do meu tempo.

*En Galicia, no día de Santa Helena de 2013
Elena Gallego Abad
Escritora e xornalista*

Nesta viaxe, collín prestado o que tiven e quixera devolve-lo no mesmo ou en mellor estado. Do material, non me sinto especialmente orgulloso; tiven moito, no pouco que tiven. Do inmaterial, quedei plenamente colmado: dos amores, dos valores e das cativas cousas da vida, fixen abasto e gastei espléndido os tesouros que fun atopando. Gastei lingua e cultura e canto máis o facía, máis cicatrizaban as feridas que traían. Herdei dos meus pais unha lingua que transmitín a miña filla; herdei un amor por ela, que tamén acolleu orgullosa. Queda, pois, na súa garda e responsabilidade, préstamo dos seus netos e netas, devolvérllela en igual ou mellor estado.

*Manuel García Docampo
Sociólogo*

De canto deixo, non hai cousa ningunha de máis valor que aquilo que, a modiño, fun aprendéndoos desde cativos: a nosa lingua e o noso sentido de pertenza a unha cultura. Este patrimonio xa é voso, ben o sei, mais o pulo que herdei dos meus devanceiros, reintégrovolo con medras para que non esmoreza, de xeito que poidades seguir a tarefa dunha Galicia milenaria nas persoas dos vosos descendentes, contribuíndo a que a terra na que ollastes a primeira luz se torne inmorrente.

*Luis Manuel García Mañá
Comisario de Policía*

Meu doce: Cando o mar me confunda e esvare nos perfumes da terra e aí me sintas, no segredo da Casiña de Pensos, na infancia a rolos polos prados da Casa Grande ou no balbordo do Sar e o Sarela a amarse non deixes de apreixar o que había trala miña voz: sabuguiño, xoaniña, cóxega, quérote, e non deixes de agarimalo co mesmo celo co que eu o agarimei. Coida na nosa lingua, ela seguirá a ser o húmido que nos una, a ti, cos avós, bisavós e cos que virán tras de ti, e os que virán máis tarde. Deféndeas co teu xenio, non deixes que a menosprecen. Que co pavor da natureza e sabendo da inmensidade nos Alpes nada exista que vos poña lindes. Finalmente gorécea na túa casa. É o ben máis prezado que che deixo. Lévaa contigo e con ella lévame tamén a min.

*Velle, 7 de setembro de 2013
Rosa Marta Gómez Pato
Profesora da USC*

Benqueridos fillos:

Como vós sabedes fun nado na “miña” aldea de Piñeiro, concello de Maside, onde miña nai, coa ledicia do primeiro fillo, espertou o meu ouvido acariñándoo con verbas garimosas do noso idioma galego: “miña xoia, meu rei, meu neno...”

Nesta lingua aprendín os nomes dos seres animados e inanimados existentes no meu pequeno universo rural, tamén aprendín a pensar e a falar e non coñecín outra deica ir á escola. Desde aquela, o galego e o castelán forman parte do meu acervo cultural.

Máis tarde, ao longo da miña vida, comprendín a importancia de coñecer e usar calquera das dúas linguas e a facilidade para aprender outras novas.

Tamén quero que saibades a ledicia e orgullo co que falaba o galego cando por motivos profesionais residín fóra de Galicia.

Hoxe, cando se achega a pasos de xigante o inverno da miña vida, desexo que o galego florezca coa primavera dos vosos fillos, para deste xeito perpetuo entre todos os que constituímos o pobo galego, residamos en Galicia ou noutro lugar deste pequeno mundo.

Por último, pído vos que lle transmitades aos meus netos o orgullo de seren e falaren galego, sen exclusión dos demais idiomas que deben servir para entenderse e non para aillarse.

*Feliciano González Álvarez
Comisario de Policía*

Neste derradeiro día quero deixarvos na escrita o que en verbas faladas non fun quen de dicirvos. Herdeiros e herdeiras do sangue dos meus antergos, ese que non esquezades que ven de estirpe Galega daqueles que noutros tempo foron: tratantes, canceiros, afiadores, albaneis, taberneiras, tecedeiras, costureiras, caseiros, criados, servos, emigrantes noutras terras, que falaron na lingua-nai que lle ensinaron de nenos/as. Ben seguro que pensades que no alto deste anexo o mellor que ides ter son: terras, fragas, alvarizas, cartos e leiras, mais co tempo que deixa a vida apréndese de cotío que o mellor que se lles dá os fillos/as non é de valor material, son os pequenos momentos as formacións culturais a educación en valores e no respecto os demais. Saberse parte da terra onde se medra e se sente, é mostra de ser consciente, e así como non vós deixo herdanza de ben material, si vós

deixo o orgullo e a obriga de seren Galegos/as expertos en “morriña” e emigración, fillos/as dunha terra única, cunha linguaxe propia que une, diferenza e fortalece. Ser desta terra leva un peso adicional, unha reclama engadida que se debe de gardar e lembrar na herdanza recibida; as palabras que nós unen e nós diferenzan, a nosa lingua. Estadades obrigadas a contarlle os vosos descendentes o que é ser parte desta terra, que se aprecia nos espazos e na lingua: unha fraga, unha levada, ensinarlle os cajalovivos na auga e dicirlle que Galicia ten hórreos e cabaceiros que ten alcouves e purrales, que esmagar só esmagamos os que somos galegos, que en ocasións sentimos noxo e que a ledicia é algo só noso, que os buratos e os tocos só sabemos nós o que son. Decídelle que ser Galego/a é coñecer das papas de millo, do leite mazado, do caldo con unto, de filloas millas, das sopas de burro cansado.



En galego, agora e sempre

Lembrádelle que as cantigas e as regueifas ó igual que as ruadas e os fiadeiros foron o noso xeito de festexar; e contádelle que a nosa lingua canta, si é verdade que canta; a lingua Galega canta mainiño cando fala, e bule, bule ó sentirse observada, din que non conta cara onde vai mais ela o sabe, volta os beizos o saberse escoitada.

En despedida dígovos que se mañá voltara, eu seguiría os pasos do son dun “Quérote” que escoitara.

Alicia González Barreiro

Cando deixei a aldea e viñen para Ourense con oito anos lémbrome que, naqueles finais dos 60, dicíanme na casa: “neno, fala ben”. Eran os tempos nos que na cidade non se debía falar galego. Estaba mal visto. Afortunadamente, as cousas foron mudando. E mudaron para ben na meirande parte dos casos.

Esa identidade como galego é parte do meu patrimonio, forma parte da miña esencia persoal e penso que fun quen de transmitírllela aos meus. Galicia é a miña terra, onde temos un idioma identitario e unha cultura que nos diferencia. Estes feitos marcan a miña vida e o meu traballo. Son feitos, ademais, gratificantes e que me aportan valores positivos que me gustaría permanecesen no futuro. Galicia ben o merece.

Francisco González Bouzán
Director do Centro Cultural da Deputación de Ourense

Saiban e sexan testemuñas cantos esta manda lean: nacín no Ribeiro, en Cenlle, pero ós poucos meses leváronme para Pontearreas e logo para Vigo e, xa por decisión propia, vivín en Urdilde, Compostela, Vilvestro. A miña existencia deica agora foi un longo percorrido sempre por terras galegas. Quedáronme as de Lugo, pero nelas pasei días moi felices estudando as construcións tradicionais dos Ancares, e a historia das grandes ferrerías que beneficiaron o noso ferro ata os últimos anos do século XIX. Por iso, por residir en tantos sitios, considereime sempre galego sen máis, sen localismos de ningunha clase: do interior á beiramar, das chairas ás montañas, das terras de viño ás de pan...

Esta é a miña manda testamentaria para Alba, Amara, Héitor, Brais e Clodio: légovos por un igual os bens materiais e os espirituais. En canto ós dos segundos,

prégovos encarecidamente que endexamais vos esquezades da terra onde nacistes e da cultura que recibistes dende meniños, e que llela transmitades o día de mañá ós vosos descendentes: a lingua, a historia, as tradicións... pero que tampouco rexeitedes nunca outras sen antes coñecelas, sede ante todo cidadáns do mundo dende Galicia. Rebeleime teimudamente dende neno a que en min morrese unha cultura ancestral, herdo de labregos, ferreiros, emigrantes e prégovos que tampouco sexades vós os derradeiros. Sen abandoardes o vieiro da xustiza, da solidariedade, do compromiso e da liberdade, sede modernos como os que máis naquelas cousas en que se debe ser, e encarádevos coa testa ergueita sen medo a ninguén e con decisión cara ó futuro, pero sen que nunca esvaeza en vós o amor ó pasado, ós homes e ás mulleres que nos

prcederon nesta terra que dende hai séculos se chama Galicia, tratando sempre de emendar os seus defectos e de imitardes as súas virtudes.

Clodio González Pérez
Etnógrafo

En Santo André de Camporredondo, nas ladeiras do Val do Avia, terra dos meus devanceiros onde non puideren nacer pero si quero morrer.

Terra onde meu criei, terra onde vos criei. Vos meus fillos que sabedes do amor que sinto por ela, e de como regresamos ao seu abeiro, e de como nos acolleu.

Terra de mitos, meigas e de lendas que ao pe da lareira vos contaba a bisavoa Elisa e que tanto vos gustaban.... na nosa casa, froito dos anos de traballo e do sacrificio da emigración, que agora acolle o sono da nosa vida.

Eu que intentei pasar por esta vida sempre co sorriso, buscando a ledicia das cousas sinxelas, o amor a familia e as nosas tradicións, déixovos agora este meu legado para que tamén vos vivades e desfrutedes desta nosa terra coa paciencia, o saber e a mirada sabia do labrego. Que non vos rendades as dificul-

tades e que loitedes por acadar os vosos soños. Que coidedes e gardedes esta herdanza transmitíndoa a os vosos fillos, e que non vos esquezades vivir na harmonía da natureza, emocionarse ao son da nosa música, gardar e transmitir as nosas verbas e chegado o momento ao son dun aturuxo brindar no meu honor, co noso viño.... o Ribeiro.

Eduvigis González Pernas

Adegeira

A manda do setestrello.

E xa por derradeira, eu, Luís Uxío González Tosar, déixolles a totalidade dos mobles da miña casa, potes e tixolas, brancuras e cobertores, apeiros e ferramentas de labranza, froitos verdes e secos, carnes vivas e mortas, un reloxo con leontiña de prata marca “Cuervo y Sobrino, únicos importadores” que trouxo meu avó da Habana, oito horas e media de regadío do rateo das pozas de Cotón e Silvares, tres días con tres noites de maquía nos muiños de Quintero, Xofrán e Barreirao e todo canto me pertence de portas para dentro, a aquel dos meus tres herdeiros que mellor saiba nomear, de corrido e sen enganarse, as palabras chamadas do setestrello, que por aquí onda nós non son sete, senón que veñen sendo ducia e media.

Falo das dezaioito verbas que marcan en Galicia o ritmo dos homes e da terra, representativas de todos os sons que nacen, cantándolle á rompida do día e que sobreviven despois de

pasada a xunta da noite, anacos vivos do corpo do idioma galego, o mesmo que eu escollín para soñar e para rir, para a beizón e para a saudade, tamén para medos e desamparos...; luar, berce, xúlgaro, congostra, xesta, nai, aloumioñar, ronsel, biosbardos, asubío, calote, lóstrego, peite, dorna, enxurrada, triscar, cornecello e salaio.

Luís González Tosar
Poeta

En pleno uso das miñas facultades mentais, deixo en testamento aos meus fillos Xoán e Brais, a fala que a min me deixaron meus pais e a eles meus avós, con todas as súas consoantes e vogais, abertas e pechadas, e as súas sílbas, fonemas e morfemas, e ordeno as seguintes mandas:

Unha manda de dignidade para que nunca se esquezan dela, ou fagan que a esquecen ao botar un mes en Madrid, ou a cambien polo castelán para falarlles aos seus meniños ou para ligaren coas mozas, como fan algúns pailáns.

Unha manda de siso e cordura para que impidan a deturpación dos nomes dos pobos, cidades e aldeas con barbaridades e non barbarismos, como os casos de Niño de la Guía, La Coruña, ou Ginzo, ou Sejalvo.

Outra manda de coraxe para castigar con votos e se poden con labazadas aos

gobernantes que desprecien a nosa fala ata considerala indigna das ciencias e afastaren aos meniños do seu coñecemento nas escolas.

Esto mando en Osmo, a dez de agosto de dous mil e trece.

Xosé Lois González Vázquez "O Carrabouxo"

Eu, Ricardo Gurriarán Rodríguez, nado no Barco de Valdeorras o 5 de febreiro de 1953, de profesión docente, aínda que practiquei a poliactividade e a transversalidade (música, sindicalista, montañeiro, investigador, rescatador ...), internacionalista e republicano galego, como ateo que son, dispoño:

Que nas miñas honras fúnebres non se celebre ningún rito relixioso e que, de haber algún disfraz, non haxa ningunha sotana nin vestimenta litúrxica de credo algún.

Que algún amigo ou amiga conduza un acto laico con lectura de poemas en varias linguas e as intervencións que, libremente, os concorrentes queiran facer. Que se introduza con música negra interpretada por unha banda ao estilo New Orleans, e o pasodobre “Pontareas” do mestre Reveriano Soutullo, interpretado por unha banda, e a elección dun repertorio dentro da música “dixiland”,

para a primeira, e tradicional para a segunda.

Quero que se me incinere e que as cinzas sexan botadas desde o cumo de Pena Trevinca ás tres provincias que a circundan, levadas pola miña dona Eugenia acompañada por montañeiros e montañeiras familiares e amizades próximas a min. Que leven un cassette e unha cinta cos acordes da Internacional, que deberán soar durante o espaxamento das cinzas ao ar. Se pode ser un gaiteiro, mellor. Que se poña unha praquiña que lembre o día e que diga que no macizo trevinco hai po meu e que tratei sempre de loitar contra as desigualdades e as iniquidades.

E que no primeiro acto citado haxa moita risa, bo recordo e que se sirva unha merenda con comida e bebida, ao feito, amenizada polas dúas bandas concorrentes, de xeito consecutivo (cinco pezas e cinco pezas),

para que a xente baile e se lembre de min,
sen rancores...

Ricardo Gurriarán Rodríguez
Historiador

A morte é a nosa compañeira. E por esta lei de vida, quero deixar constancia da miña derradeira vontade para cando chegue a hora de partida.

Eu, Manuel Herminio Iglesias Vázquez, nado en Seixalbo o 15.10.49 digo: que nomeo como únicos herdeiros dos meus escasos bens ós meus tres fillos Xoán Manuel, Daniel Alexandre e Anselmo Iglesias Losada, así como ós seus descendentes. Tamén lles deixo os meus instrumentos musicais (guitarras, piano, contrabaixo e viola de gamba) os que me acompañaron no camiñar pola vida e alimentaron as miñas sensibilidades artísticas; igualmente lles deixo as miñas partituras e libros de música, os meus artigos de opinión e os poemas que nalgún momento escribín, pois teñen para min un valor simbólico e sentimental. Déixollos con cariño para que, da mellor maneira que o consideren, os conserven

ou os doen á entidade cultural ou arquivo público que estimen oportuno.

A miña dona Purificación, nai dos meus fillos, a ela que sempre me deu amor, comprensión e cariño e que foi a miña compañeira inseparable, quedalle o usufruto de todo canto teño. Tamén lles deixo ós meus fillos o cariño pola nosa lingua, pola nosa cultura, polo noso pobo, polos costumes que nos legaron os nosos antergos. Déixolles o recordo da miña longa militancia política na defensa dos intereses na nos aterra; e ánimoos a viviren defendendo a liberdade con honestidade e coherencia e cos principios que lles dan ós seres humanos a dignidade, o respecto ó diferente, a non discriminación por credo razo ou pensamento.

Como derradeira cuestión, pídolles que coiden a súa nai o mellor posible, que me enterren no camposanto da anterga vila e

Couto de Seixalbo, lugar onde nacín e vivín momentos inesquecibles.

En Seixalbo, Ourense, a cinco de de xullo de dous mil trece.

Manuel Herminio Iglesias Vázquez
Presidente da Asociación Cultural Agromadas

Era de dous mil e trece anos, tres días andados de agosto. Coñecida cousa sexa como seu, Bieito Iglesias Araúxo, fago testamento con toda a miña memoria e con todo o meu acordamento. En primeiro, mando o meu corpo para onda o galo cataventos do campanario de San Xoán de Coles, en Meriz, onde hai varios túmulos da familia. En segundo, mando a miña alma ás ribeiras do río Miño, entre as Burgas da Chavasqueira e o Puzo Maimón, a aqueles canedos e coiñais que me viron nacer e correr de meniño. En terceiro, mando e dou canta herdade me corresponda nas parroquias de San Eusebios e San Xoán, no concello de Coles, á miña muller Mercedes Pintos Barreiro. E mando e outorgo que ela haxa tamén os dereitos dos meus libros e todas e calquera unha propiedade que me pertenzan na hora da morte. E rogo aos meus parentes e amigos que me dean

terra sen ningunha cerimonia pública nin privada, sen actos relixiosos ou laicos. E os homes e mulleres bos que lean isto sexan testemuñas para todo tempo.

*Bieito Iglesias
Profesor*

Talvez se nos ocorra cavilar, antes de írmonos e guiados pola nosa parvidade, que podemos decidir sobre o que deben facer coa nosa herdanza os que nos han de suceder.

Cando nos mesturemos coa terra e co mar, cando deixemos atrás todo o que fumos e todo o que tivemos, cando os que aínda fiquen aquí xa non conten coa nosa presenza, que fagan e desfagan con toda a nosa herdanza o que libremente consideren. Agás con aquilo que nos fixo ser totalmente como fumos.

Deixámoslle a lingua prestada, como tamén nola deixaron a nós, para que llela transmitan aos que virán detrás e estes aos que cheguen despois, para que poidan ter que ver connosco, para que nunca reneguen de ser quen son. Iso, e só iso, é o que legamos porque é o único que podemos mandar.

Xosé Antón Jardón Dacal
Secretario-Interventor de Admón. Local

Prezada Ariadna:

Cando a terra me reclame, cando as derradeiras pingas da miña existencia escorreguen polo sumidoiro da morte e a miña voz esmoreza para sempre, non te refuxies nas sombras da nostalxia. A existencia é só un breve lapso entre dúas eternidades, e eu parto feliz porque fixeches que a miña fose plena.

Non levarei nada comigo, pois quero deixar para ti o rumor do noso mar de Baiona, o estourar das ondas contra as rochas e os xogos na Praia da Cuncheira; os quedos marmurios do río ao seu paso por Ourense e os nosos paseos polas súas beiras, perseguindo bolboretas; os fins de semana de Outono en Portomarín, lendo un conto xunto á cheminea namentras a choiva peta nas fiestras...

Todo iso deixo para ti, miña filla Ariadna: unha patria pequena e nembargantes grande como un mundo, unha terra sen igual da que

me sinto orgulloso de ter sido unha ínfima parte, unha lingua de reis e trovadores que endexamais se perderá.

Marcos Valerio Lama del Corral
Licenciado en Filoloxía Inglesa e escritor

Eu Xosé Lamela Bautista, nacido en Riocaldo, parroquia situada no corazón do parque transfronteirizo do Xurés-Gerês, o que me sinto moi unido, xa que froito das moitas xeracións que me precederan residindo nel, penso que as moléculas da serra xa pasaron a constituír unha parte esencial da miña composición biolóxica, e tamén, porque nun dos seus outeiros domina a paisaxe o Santuario da Nosa Señora do Xurés, que a Virxe en persoa ordenou construír os veciños no ano 1452, e desde entón foi venerada a imaxe da Virxe como a Patrona de Riocaldo, a que se lle dedica unha especial devoción espiritual, etnográfica e tradicional.

Desexo por esta manda que, unha vez chegada a hora da miña morte, o meu corpo sexa conducido o sepulcro familiar situado no cemiterio da Igrexa parroquial, seguindo os rituais dos meus antepasados, con a va-

riante de que se fagan na lingua galega e que sexan presididos os actos que corresponden a Igrexa parroquial pola dita imaxe da Virxe do Xurés.

E se no meu pasamento non puidera estar presente a imaxe da Virxe do Xurés na Igrexa parroquial de Riocaldo, por acharse recluída no Santuario da serra a causa de que se suspendera a procesión tradicional que a trasladaba tódolos anos dende a Ermida ata a Igrexa, é o meu desexo nese caso, ser incinerado e depositadas as cinsas no adro do Santuario do Xurés. Esta disposición ven inspirada pola coherencia con os tres motivos seguintes: O primeiro, para honrar a Virxe; o segundo, polo contido da lousa epigráfica que está no Adro do Xurés que di: “haec requies mea in saeculum saeculi: hic habitabo quoniam elegi eam” (este é o meu repouso para sempre; aquí habitarei, porque así é o meu desexo, Salmo CXXXI,

14), e o terceiro é para devolverlle simbolicamente naquel lugar emblemático á flora, á fauna, á xeoloxía e ó paisaxe do Xurés a parte material do corpo que a natureza me prestou para usar nesta vida.

Desexo que os bens materiais herdados ou adquiridos durante a vida, sexan disfrutados polos meus fillos e a súa nai, en harmonía e boa disposición, con excepción daqueles documentos, notas, e traballos de investigación que traten da nosa historia local que eu teña pendentes de procesar, para que os poñan a disposición de quen os saiba utilizar en pro da recuperación da memoria arraiana.

*Padrendo, 20 de Agosto de 2015
Xosé Lamela Bautista*

Pte. da As. Amigos da Virxe do Xurés e escritor

Cerro os ollos e reflexiono no camiño que comecei andar, o día que nacín.

Herdei dos meus pais, a riqueza que me converteu hoxe na persoa que hoxe son; pero tamén herdei unha xoia de incalculable valor “A Nosa Lingua Galega”.

Con ela podo expresar os sentimentos máis fondos do meu corazón: expresar Amor, Vida, Leticia, Tristura, Dor...

Meus fillos, que son a miña vida, Xacobo e Camilo serán os meus herdeiros, a eles déixolles esta Xoia: “A MIÑA LINGUA GALEGA”

*Rita María Lago Ozores
Administrativa*

Pendurado da porta dun vello anticuario portugués rezaba aquel cartel: As persoas pasan, mais as cousas quedan. O día de pasar hanos chegar a todos, mais o que tivemos, o que acadamos e o que recibimos quedará para aqueles que aquí deixamos. E nada, nada máis fermoso e marabilloso que a lingua na que falamos, a que os nosos devanceiros falaron, siga a pasar ás xeracións vindeiras. Eu, que recibín a lingua de meus pais, que a recibiron dos meus avós. Eu que me decatei, adolescente, da importancia da nosa fala. Esa fala na que recibín e escoitei as historias e lendas das nosas tradicións máis fermosas, desexo deixarlle a meu fillo e a todas as persoas que aquí queden cando eu marche, ese ben tan prezado que nunca foi da miña propiedade, senón de todos aqueles que nos servimos dela, desta nosa lingua tan fermosa, na que se pode rir, chorar, amar, soñar...como en calquera outra lingua.

A meu fillo, para o que as miñas primeiras palabras foron en galego cando o collín no colo por primeira vez, ao que arrolei con cantigas galegas, ao que lle falei en galego e ao que en galego lle escribín contos e libros, porque esta é a lingua na que abrollan as palabras no manancial da miña mente.

E dende o respecto á diversidade, para todos, esta lingua que eu, rapaz da chaira limiá sempre usei sen chegar a sentirme un ninguén, esta lingua das mil primaveras de Cunqueiro, o desexo de que entre todos se siga a cumprir o que dicía aquel cartel da porta do anticuario.

Rafael Laso Lorenzo
Enxeñeiro e escritor

Vivín a miña vida cun profundo sentimento galego, un sentimento inmerso no máis fondo da miña nenez, das vivencias do día a día, nunha casa na que aínda que a miña nai era rioxana, aprendín a amar a nosa lingua galega. O recordo dunha cociña cheirando a tortilla mentres escoitabamos a Pondal, a Rosaláa, a Cabanillas e a tantos outros. Asistíamos a misa en galego das doce e cuarto, nos Xesuitas. Medrei nunha casa en que como dicía o Padre Seixas respirábase galego, e así medramos nun bilingüismo integrador, de respecto e admiración pola lingua galega.

Polo tanto, cando chegue o tren do non retorno quero subirme sabendo que cumprín coa ilusión dos meus pais, que os meus fillos falan o galego e sinten a Galicia, que os educamos nese sentemento compartido

polos bos e xenerosos e que esa semente seguirá estendendo as súas raíces polo máis fondo da terra e do devir do tempo.

*Carmen Leyte Coello
Alcaldesa de Cartelle e médica*

In nomine Patris et Filii et Spiritus Sancti.

Eu, humildísimo Duarte López Pereira de Trasalba, en previsión de casual morte, san de mente e entendemento, decido facer de miña vontade testamento a favor do meu fillo e miñas fillas, i.e. Guillermo Duarte, Raquel, Mercedes e Clara. As herdanzas inmóbiles que de meus avós e pais recibín, na freguesía de Trasalba, advocación de San Pedro, no lugar que din de Outeiro, e que discorre entre o río Formigueiro, ó pé da ponte dos Frades, e o monte Rudeiro e a Bocarribeira, e demais bens mobles, tamén herdanza dos meus proxenitores, outórgoas e dóoas ós prenominaos para o seu gozo, coa condición de que cultiven a lingua e de que ennobrezan a cultura dos nosos devanceiros.

Que este meu desexo xamais sexa violado e teña firmeza *in secula seculorum* e, se calquera deles non o cumprise, sexa anatema e pague

o dobre para o fomento da lingua e da cultura galegas.

No segundo ano do terceiro milenio nas kalendas de novembro, asino eu con estes, e anota Pepe de Redondela.

Eduardo López Pereira
Catedrático da Universidade da Coruña

Na Vila de Celanova, a vinte e catro de agosto de dous mil quince, eu Gonzalo Carlos López Pérez, coñecido como o fillo do xamoneiro de “a calle arriba”, en pleno uso das miñas facultades mentais, da miña liberdade ou da que podo dispor, quero deixar expresadas neste documento, a miña manda testamentaria, e, xa que logo, proceder ao reparto do ben de maior riqueza dos que dispoño, o meu propio patrimonio inmaterial que formei como individuo ao andar polo camiño da vida, e que neste momento ao ler este documento, cheguei ao final del, e polo tanto e meu desexo:

Que ninguén teña que mudar os seu pensamentos ou convicións pola necesidade e a quén se atope nesa situación lego parte do que dispoño.

Que non exista mocidade cansa, ou acomodada e para eles lego todos os meus folgos,

xa que o mundo é deles, e por último, en lembranza dos que coma min xa non están, darlles as grazas polo que puideren disfrutar nestes últimos tempos de vida, que a lingua galega e os galegos exercemos como tal, consecuencia do esforzo de tanto bo e xeneroso.

*Gonzalo Carlos López Pérez
Autónomo enfurecido e concelleiro do BNG*

Na miña infancia mamei o galego sinxelo, o do pobo, o que falaban os meus avós e os meus pais. A cotío aprendín as verbas máis enxebres e o xeito de falar dos nosos labregos, nun galego fermoso, o galego de A Peroxa e Coles, o galego de Ourense. Graciñas, meus queridos avós por falar sempre co voso neto en galego.

Ao longo da miña vida, dende mozo, falei galego con naturalidade, compuxen letras de cantigas en galego, prediquei nos púlpitos en galego, fixen textos teatrais en galego, traducín outros moitos, ensaiei grupos de teatro en galego, fixen milleiros de carteis, documentos e escritos en galego, sentín o pracer de ler literatura galega. Falei, falo e falarei en galego e a moita honra. É a lingua que mamei e a que amo.

Agora que son eu tamén avó, intento regalarlle á miña neta o mellor: axudarlle a valorar e amar a súa lingua. Nesta teima,

o primeiro que fixen foi compor para ela unha canción de berce, coa que se durmíu no meu colo ducias de veces.

Por iso, o día que remate o meu camiñar por este mundo, quixera que lembraran como un galego que amou a Galicia, a súa terra e as súas xentes, que falou en galego con normalidade e naturalidade, que sempre levou con orgullo a súa galeguidade, e que tivo por máxima: ¡Madría levamos os que tivemos a sorte de nacer en Galicia!

Quero e pido que a miña necrolóxica nos xornais sexa escrita, no seu momento, en galego; que na miña lápida (se tal se fai) rece como epitafio, na lingua dos meus: “ALFONSO CARLOS LOIS SUÁREZ, galego no seu berce, na súa tumba e ogallá no ceo sempre”.

En Xinzo de Limia, 1 de agosto de 2013
Alfonso Carlos Lois Suárez
Programador cultural

Encomendo ao meu fillo Anxo a conservación da nosa lingua galega e a súa transmisión, chegado o momento, co mesmo cariño co que lle foi dada, tamén lle deixo ao seu coidado a mellora dos nosos libros, moitos deles asinados polos seus autores, amigos e admirados escritores: Manuel María, Marcos Valcárcel, Pura Vázquez, Carlos Casares, Bieito Iglesias, Francisco Fernández Naval que lle han de facilitar o seu labor.

Benito Losada
Exdirector da Casa da Xuventura de Ourense

Esta casa, situada no medio rural, que hoxe vos lego, construída polos meus devanceiros e na que, desde a súa construción, sempre se falou en galego.

Esas pedras das paredes, a pouco que escoitedes, falaranvos da historia dos nosos antergos, dos sons cos que se coidaban os animais domésticos, das aventuras e andanzas de familiares, amigos e veciños da vida, das diversas xeracións que nela habitaron.

Prégovos que nesa casa, e nesa terra-Galiciana que está chantada, se siga conservando a nosa lingua séculos tras séculos; que non se vexa afectada constantemente por sons idiomáticos alleos a nós. Prégovos que conserveades a nosa lingua de xeración en xeración, con tanto ou máis interese que a casa que hoxe vos deixo.

Castor Mariño Soaz
Secretario de Administración Local

Por todas as partes por onde andei, unha forte identidade étnica facilitoume a integración en todos os grupos que me fixeron a honra de acollerme. Xamais me sentín orgulloso de ser galego; síntoo como algo natural e non me podo imaxinar falando cos meus pais e cos meus irmáns como non sexa en galego, única lingua que falei ata os once anos. Quédanvos os meus libros, nos que tratei de interpretar o que eu quería dicir cando dicía: “son galego”, e algunhas cousas das que me fun rodeando para manifestar o que non podería expresar só con palabras. Non tedes comigo ningunha obriga, senón con vós mesmos.

Manuel Mandiánes Castro
Antropólogo

Eu, en pleno uso das miñas facultades mentais e sentimentais, fago voluntariamente esta manda testamentaria para a miña dona María e para os nosos fillos en común, Mónica e Rubén.

Sabedes que poucos bens materiais vos deixo, e que ao longo da miña vida o voso benestar e a vosa formación moral, profesional e intelectual foi sempre a miña maior prioridade.

Desexo que o meu cativo patrimonio material quede en usufruto da miña muller polos días da súa vida, e despois dela que o herden os meus fillos.

Déixovos como herdanza principal o meu amor á nosa terra, á nosa cultura e sobre todo o meu amor á nosa fermosa lingua galega. Non esquezades que tedes xenes de devanceiros nosos, de terras de Celanova, de Allariz, de Ferrolterra, do Ribeiro de Avia e da Limia, que nos legaron a cultura e a fala.

Por iso vos pido que conserveades este rico patrimonio inmaterial, que nos foi transmitido de xeración en xeración, e que lle transmitades aos vosos herdeiros o amor e respecto que lle deben á nosa cultura e á fala dos nosos devanceiros. Por último desexo, chegado o tempo do meu pasamento, que exequias, necrolóxicas e lápida de lembranza na miña memoria se fixeren na nosa fermosa lingua.

Estes son os meus derradeiros desexos, co ánimo de que esta miña manda sexa cumprida, por ser a miña última vontade. E tede por certo que mentres preserveades o amor á nosa inmemorial cultura e á nosa lingua, eu hei permanecer vivo sempre nos vosos corazóns.

Edelmiro Martínez Cerredelo
Historiador

Eu, José V. Martínez-Romero Gandos, Doutor en Psicoloxía, en plenitude de facultades físicas e mentais, déixovos a vós, meus queridos fillos Federico e Guadalupe, todos os meus bens e dereitos a partes iguais.

Do mesmo xeito, mándovos que conservedes, exercitedes e cultivedes a nosa lingua galega, a mesma que empregaron os vosos antepasados ata tempos inmemoriais, que lles servíu para comunicárense cos seus veciños e amigos, para viviren en harmonía con todo e con todos, para traballaren arreo e dun xeito honrado, e mesmo para emigraren cando foi mester:

Nesa emigración do alén-mar porteño nacimos a vosa nai, eu e máis vós os dous. Nesa emigración tamén aprendimos dos nosos pais, vosos avós, a lingua galega. Esa lingua que chega ata vós grazas aos milleiros de

persoas que durante xeracións a empregaron como sinal de afirmación colectiva, é a que vos mando coidar e transmitir á seguinte xeración: nosos netos Sofía, Ignacio e Matías, nados na Terra logo dun retorno de todos nós. Será o uso da lingua o que vos distinga no mundo, o que reafirme a vosa orixe e a mellor maneira dun retorno aos vosos devanceiros.

Esta é a miña manda, que máis ben é unha arela e un alento: que saibades aprezar o voso e valoredes o difícil que foi ás veces conseguir que chegase ata vós.

Saúde e Terra!

José V. Martínez-Romero Gandos
Profesor

Eu, Carlos Méixome Quinteiro, nado na Casa de Estrela, no lugar do Carrio da parroquia de Val, concello de Lalín; fillo de Serxio e de Luisa, neto de Avelino, fillo de Estrela e de Ramona, por parte materna; de Manuel e Encarnación, da Casa de Riádigos, no lugar de Cancelas da parroquia, tamén dezá, de Cangas, pola banda paternal. Romeiro do Santo André, da Virxe da Erguiza e máis de San Cibrao.

Dezao, pois, de nacemento, transmutado, por vontade paterna á vila do Carballiño, de onde os destinos da vida fóronme arrincando ata aposentarme en Gondomar de Miñor.

Galego por vontade de nación e humanamente universal, lémbrovos a vós meus queridos fillos, Carlos, Uxío e Roi, que, como ben sabedes, toda a miña vida, e así seguirei durante a pouca ou moita que

me quede, lle dediquei tempo, esforzo e preocupacións, mesmo con incompreensións varias e sen pedir nada, a que a nosa lingua e a nosa cultura gozase dunhas poucas raiolas de sol na pertinaz neboeira que as asulaga.

Ese é o patrimonio que vos deixo, outro non teño, nin o quixen. Se ben vos parece coidade da lingua herdada para que a forza de tanto amor non sexa inútil.

Carlos Méixome Quinteiro
Profesor

O primeiro idioma que escoitei na vida foi, loxicamente, o galego. As terras da Gandarela, a mediocamiño entre as veigas de Celanova e o val de Ramirás, e á sombra do imponente outeiro de Castromao, onde mora a raigame propia de tódolos nosos devanceiros, estaban cargadas do arrecendo propio da nosa cultura e da nosa lingua.

Aí foi onde me criei aprendendo a amar as palabras que meus pais me transmitían. Palabras ligadas á xente, ó campo, ós animais, ó clima, ós afectos, á aldea, á vida e á morte, en definitiva, pois con elas explicamos todo canto nos rodea.

E todo foi dunha forma natural, porque era natural falar na nosa lingua. E así, de forma natural foi como, desde un principio, quixen seguir utilizando a miña lingua cando a vida me deu a oportunidade de exercer algunhas responsabilidades políticas.

E de forma natural tamén teño tratado de transmitirla a miña xente, porque creo que ese é o mellor legado que podemos deixar para o futuro, é dicir, o do inmenso patrimonio das palabras, palabras que significan cousas e que nos posicionan e sempre nos posicionarán no mundo.

Antonio Mouriño Villar
Deputado

Palabras de fume e lume, palabras de maxia e medo, palabras de cancións e lendas conformaron as primeiras e máis firmes lembranzas da miña vida. Un universo de sensacións e afectos que impregnaron de xeito indeleble a consciencia plena de pertencer a un pobo cunha cultura de seu que me foi legada de modo natural, honesto, desinteresado e sincero.

Por iso, miña benquerida filla Alexandra, escribo esta manda testamentaria para pedirche que non esquezas nunca a riqueza incalculable que este legado representa. En ti e nos teus descendentes está o presente e o futuro dun patrimonio construído polos nosos devanceiros. Sabes dende ben pequena dos fíos transmisores desta herdanza, deste infinito universo de palabras que foron conformando o mundo dos teus afectos, as referencias dos seres queridos, o exemplo de dicir, de nomear, de comunicarte.

É por iso que dende o momento que souben da túa existencia en min tentei regalarche o agarimo das palabras moles, a fermosura das doces, a protección das rexas, a afouteza das valentes, a alegría das vívidas, a liberdade das dúctiles. Fai delas a túa equipaxe e percorre o camiño da vida sabendo que es galega alá onde queira que esteas.

Isabel Mociño González
Profesora

A herdanza familiar que máis estimo é a dun xeito de ser e estar no mundo a través da lingua propia: desde o colo da mai á escarabana das noites de xaneiro en Laroá. Cousas, ideas imposibles de dicir doutra maneira.

O meu ben máis prezado ten nome de terra, de tixolo, de outono, cultura, aldea ailalelos e ailalás pero tamén de futuro sustentable, de escoliñas rurais preciosas, de sempre menos e mellor.

Déixoches a ti, a calquera, esta herdanza en forma de soño.

Sóñade sempre cos ollos abertos e os pés na terra.

*Lucía Nóvoa Joga
Acompañante de aprendizaxes no rural*

Tiven a sorte de nacer nunha pequena aldea do concello de Maceda, en Francos, ao pé da Serra de San Mamede, zona vixiada permanentemente pola Virxe dos Milagres. Recibín dos meus antergos, entre outras cousas, a nosa lingua galega. Esa foi a comunicación propia da familia, dos nenos e maiores da aldea. Unha cultura eminentemente poética. Creo que foi unha cousa de gran valor na miña formación, aquela formación recibida dos meus devanceiros, coñecer e pronunciar nomes, que quedaron marcados para sempre na miña memoria: cabazo, gorxa, barbeito, canellón, balde, rodeiro, rola, seitura, esfollar, entre outras.

Déixolle á miña familia todo o que puideron conseguir co meu traballo, pero tamén vos deixo o que recibín dos meus antergos. Déixovos todas as vivencias, coñecementos e achegas, amigos e xornadas, que mellora-

ron os meus coñecementos da nosa lingua, os plans de formación nos nosos centros de ensino, tanto a profesores coma a moitos dos trinta mil alumnos que pasaron polas nosas aulas. Pídivos que sigades a tarefa iniciada de traballar en favor do galego. Que asumades o compromiso de transmitirles aos vosos descendentes esta inque-
danza.

A miña esposa, Mercedes, así como os nosos fillos, Marta María, Francisco Javier, Ruth e Jacobo, terán para o futuro o deber de seguir colaborando coas institucións públicas ou privadas e cos nosos amigos, en xeral, para que Grupo Academia Postal, siga firme no seu convencemento de que é posible un bo ensino, usando, cando iso sexa posible, a lingua galega. Pídolles que o anagrama de Grupo Academia Postal, pase a ocupar un lugar importante, que o respecten e o queiran, tamén que o seu

futuro se desenvolva coa humanidade de sempre, sentido responsable, unidade familiar e protección aos máis necesitados.

Francisco Nóvoa Rodríguez
Director Xeral Grupo Academia Postal

Cando tiñades só uns meses de vida e estabades un pouco axitadas unha das cousas que vos acougaba (ie unha das que máis vos divertía!) era estar no colo -colo, esa palabra que exportei ás miñas amigas de fóra de Galicia e que significa moito máis que “regazo”- e rabuñar, cos vosos dediños, un póster de cores colgado no voso cuarto. Estaba cheo de bichos debuxados con imaxinación e man infantil. Os autores eran os alumnos dunha escola de Monforte que, cada ano, cos seus mestres, elixían un tema e editaban un póster co que repasaban o vocabulario relacionado. A vós regalóuvolo a vosa tía Begoña. Aupadas e arroupadas, cando aínda vos quedaba moito para aprender a falar, repasabamos xuntos: avelaíña, avéspora, valcaloura, vagalume, verme, xoaniña...

Fillas, déixovos a lembranza daquelas primeiras palabras aprendidas cando nin tan sequera estabades na idade de aprendelas.

E a encomenda de ensinarllas (esas e todas as demais) a quen está por vir. E, o máis importante, deixovos a unha para outra e a outra para unha.

Ruth Nóvoa de Manuel
Xornalista

Camilo Isaac Ocampo Gómez, natural e veciño de Ourense, casado con MPVD e con dous fillos do citado matrimonio, DIOV e XPOV, nomeo a estes os meus herdeiros universais, facéndolles ós dous as encomendas que a continuación expreso:

Primeira.- Deberedes esforzarvos en manter vivo o uso do galego alí onde estades. Porque, como ben sabedes, o galego constitúe o elemento principal da nosa cultura, ese conxunto de formas de sentir, pensar, actuar e expresarse que, ó aprendelas e compartilas coas persoas da contorna, fan de todos nós unha comunidade distinta coa que nos identificamos e á que amamos. Aspectos todos eles importantes no desenvolvemento da identidade persoal e a autoestima requiridas para ter un sentido ético da vida, ó tempo que xenerosidade cos demais nos problemas cotiás.

Segunda.- Haberedes ler con frecuencia as obras dos nosos escritores, afondar na historia de Galicia, da que tanto podemos aprender, e seguir progresando na estima dos nosos valores artísticos. Nese espazo tridimensional os símbolos adquiren, máis alá do contido emocional que lles é propio, unha significación que os fai máis vivos e actuais, facilitando esa respectuosa asunción que resulta imprescindible nas persoas e comunidades integradas.

Se cumprides ámbalas dúas cousas, estou seguro de que sempre participaredes destas actitudes vitais tan arraigadas en Galicia e que se relacionan co “sentido” co que deben facerse as cousas. Actitudes que transmitiredes con orgullo, porque constitúen unha excelente aportación para lograr, no difícil mundo de hoxe, un desenvolvemento económico rexido polo

principio de sustentabilidade, a partir do cal é posible darlle pulo a unha convivencia democrática na igualdade e no respecto ás fierenzas, afianzadas na solidariedade, valores todos polos que nós, a vosa nai e voso pai, xunto con outras moitas persoas, loitamos día tras día.

Camilo Isaac Ocampo Gómez
Profesor

As ideas constrúen o mundo e as ideas cámbiano. E son elas a mellor arma que temos os seres humanos para permanecer como sociedade e para loitar contra a inxustiza e a barbarie.

E o sentido crítico e a razón e as propias ideas aséntanse sobre a educación, sobre a cultura. Daquela, se queremos asegurar o futuro, velaquí temos o único camiño.

As ideas vanse encordando nas nosas vidas coas palabras. E o galego é a nosa forma de ver o mundo, é a nosa forma de ver. Sen a nosa lingua non temos futuro. Infelizmente, moitos non se decatan de que na terra que pisamos renunciar ás ideas e á razón e a nosa lingua é condenarnos.

Vivimos nun tempo onde aínda pesan as palabras. E son esas palabras as que nos axudan a nós, homes e mulleres do noso presente, a construímos a nosa realidade,



En galego, agora e sempre

o noso imaxinario. Realidade que herdamos dos soños dos nosos devanceiros e imaxinario co que nós construímos sen sabelo o futuro, que será o presente dos que virán despois.

O meu desexo derradeiro é transmitir estas certezaas para os que veñan, e se cadra tamén deixar nos meus unhas lembranzas. Entrementres, agardo descansar nun cemiterio civil e nas palabras dun poeta: aguantar, aguantar, aguantar, esperando morrer para descansar.

En Ourense ou en Vilaboa (Allariz) no ano 2015, un home.

Xosé M. Pacho Blanco
Avogado

Desde que naceu o meu netiño, vai agora para vinte meses, unha das miñas maiores ledicias é cando na nosa fermosa e doce lingua lle vou amosando os nomes de todo canto el vai descubrindo nos libros e na vida. Verbas cálidas, garimosas, doces... bolboreta, paspallás, árbore, aloumiño, axóuxere, pomba, alborexar, solpor e tantas máis que aos poucos lle vou ensinando. Daquela, el repíteas coa súa fala de neno pequeno e mesmo soan con enorme tenrura.

Son verbas que me achegan lembranzas da miña naiciña e ao escoitalas dos beizos do neno, acado o recendo do fogar da miña nenez. Iso é unha das cousas máis importantes que lle quero deixar en herdanza ó meu neto, igual que as herdei da miña nai, xunto cos libros que teño cheos de historias e poemas en lingua galega. Quérolle deixar todo isto e máis a vontade de que desexe ser unha boa persoa, xusta,

solidaria, coa esperanza nun Deus xeneroso e que sempre sinta un gran amor a Galicia e a súa lingua. Entón, cando o derradeiro solpor chegue a miña vida, ficarei satisfeita por deixarlle o máis bo.

E así, el tamén poderá transmitirle esta herdanza ós seus fillos.

Emma Palacios Rodríguez

Herdei dos meus pais e dos meus avós o galego como primeira lingua, unha herdanza da que me sinto orgulloso e que sempre levei comigo en Galicia e tamén fóra dela cando, por razóns de estudo ou de traballo, tiven que deixar esta terra. Na miña firmeza no uso do galego ali onde me atopase e puidese facelo, contei sempre co apoio da miña dona que puxo o mesmo empeño ca min en que fose a lingua do noso fogar.

Temos os galegos o privilexio de contar cun idioma propio, piar fundamental da nosa cultura e da nosa identidade e, en consecuencia, expreso a miña vontade de legárllelo aos meus fillos e aos meus netos como vencello coas nosas raíces, precioso legado inmaterial e vivo, para que o amen, o usen, o acrecenten e o defendan con entusiasmo, e logo, como se dun fideicomiso se tratase, o transmitan ás xeracións futuras, na seguridade de

que o seu uso cotiá será a garantía da súa pervivencia e inmortalidade como lingua de Galicia e de todos os galegos.

Xesús Palmou Lorenzo
Conselleiro do Consello de Contas

Na miña familia, historicamente, somos fillos da humildade, obrigados a gañarmos a vida de xeración en xeración. O noso maior patrimonio foi sempre o amor ós nosos, á contorna, á terra que nos veu nacer e á lingua na que nos criamos e coa que nos comunicamos desde tempo inmemorial.

Nunca fun dado a dicirle a ninguén, tampouco aos meus, o que han de facer cando eu non estea. Quero respectar a máxima de que cada un se comporte de acordo coas súas convicións máis íntimas, aínda que é certo que soño con ter sido capaz de inculcar con proveito ao meu fillo o que eu recibín dos que me antecederon: integridade moral, solidariedade e respecto aos país e a súa cultura, defendéndoa e espallándoa a través da lingua propia, poñendo un grao de area para que as xeracións vindeiras poidan manteren vivo o orgullo de nacer e vivir onde o mundo se

chama Galicia, que tantos homes e mulleres fixeron grande ao longo dos tempos. Que teñan a oportunidade de viviren en galego, con dignidade, se así o desexan.

Lalo Pavón
Xornalista

Á miña filla. Ás persoas que sofren miña ausencia. Que coñecestes, respectastes e fostes partícipes das pancas que moveron o meu vivir.

Os únicos bens que podo deixarvos como legado son intanxíbeis. O amor á Patria. Patria, Galiza como motor da túa existencia. Patria material, con capacidade de ser, de existir, de producir. Unha Patria que sexa quen de alimentar aos seus fillos e fillas. Patria que non teña que ver partir nunca máis aos seus, como os teus queridos avós, coma min mesma, como milleiros máis. Mándoche, mándovos, empeñar a loita nunha Galiza de seu, nunha Galiza soberana.

Patria inmaterial. Lingua. Patria común. Máis xenuína expresión da Patria. Foi o camiño a través do que cheguei a comprender e a comprometerme con Galiza. Sabes que amala e usala foi a miña maior obsesión en aprenderche.

Mándoche que a uses, gastes, preserves, coides, enriquezas e a legues.

Tereixa Paz

Deputada do BNG no Parlamento Galego

Saiban cantos esta manda viran coma eu, en pleno uso das miñas facultades mentais e físicas, manifesto nun berro apaixonado o meu grande amor pola terra na que nacín e vivo.

Confeso que gocei de todos os praceres dela, desde a tolemia do Entroido á tenrura das palabras doces na lingua que nos fai únicos.

No ensino, onde os meus días transcorren ledos e frutíferos, teño a fortuna de ver madurar ós meus alumnos. A eles regalólles cada día a ilusión por aprender a deseñaren os espazos máis avanguardistas usando a lingua dos devanceiros, e pídlles, sempre e agora, que saiban valorar a riqueza do noso idioma, e que o sigan utilizando e llelo transmitan a súa descendencia.

Cando xa non estea eu, algo de min seguirá vivo cada vez que proxecten un espazo falando e escribindo en galego.

Lola Peláez Rivero
Profesora, sempre alumna

Querida Sara: se a “lei de vida” se cumpre, e espero e desexo que así sexa, tócame a min abandonar este mundo antes ca ti, e por iso quero facerche por medio desta manda testamentaria un encargo ben especial que sei que, a pesar da curta idade que tes agora, vas procurar cumprir con gusto cando chegue o momento.

Os bens materiais que che poidan corresponder en herdanza, que de seguro non serán moitos, adminístraos e desfrútaos o mellor que poidas e saibas, igual que fixemos túa nai e máis eu cos que recibimos dos teus avós e cos que fomos conseguindo xuntar co esforzo do noso traballo, pero máis importante ca iso é que teñas sempre presente que viñeches ao mundo nunha nación, a galega, que ten unha cultura e unha lingua propia, que non son nin mellores nin peores que as doutros territorios, simplemente son as nosas, son as que nos son propias, son as dos teus avós, as da túa nai, as do teu pai, as túas.

Cando vaias medrando en estatura e personalidade, cando sexas “grande” aproveita todo o tempo que teñas para aprender outros idiomas, tamén o español, por qué non, e para coñecer outras culturas, o saber non ocupa lugar, o que ocupa lugar é a ignorancia. Pero por moito mundo que percurras, por moitos idiomas que saibas falar, por moitas culturas que coñezas, nunca esquezas que a túa nación é Galicia, co seu territorio, coa súa cultura, e co seu idioma; unha nación, unha lingua e unha cultura da que te podes sentir moi orgullosa, igual que sempre se sentiu teu pai.

Esa foi a miña loita toda a vida, levar Galicia permanentemente na cabeza e no corazón, pensar e actuar sempre en clave de País, traballar política e socialmente para colocar a nosa terra en pé de igualdade con outros pobos do mundo para que todos os galegos/as algún día nos sintamos orgullosos do que fomos

e do que somos, que vaimos polo mundo coa cabeza ben alta por formar parte dun pobo cheo de historia. Pero para que esa cultura e ese idioma que nos fai diferentes, únicos, enraícen na cidadanía e agromen con forza, temos que defendelos e promocionalos, temos que estar permanentemente abríndolles as portas, que outros, os intolerantes, “os imbéciles e escuros” que diría o grande Pondal, lles queren pechar cada día.

Sei que na miña ausencia ti vas facer este traballo tan necesario, vas continuar este labor que non é doado e que moitas veces hai que facelo “nadando contracorrente”, seino porque, aínda que tes só dous aniños, xa levantas os brazos cando escoitas o son dunha gaita, e seino porque unha das primeiras palabras que sairon da túa fermosa boca foi “colo”.

Pídecho o teu pai, para que alá onde vaia, cando sexa, me poida sentir aínda máis



En galego, agora e sempre

orgullosa de ti do que xa estou hoxe, que aínda non es máis que unha inocente nena de dous anos, que aínda non eres máis que a miña “Sariña”, pero estou certo que moi pronto serás un moza, unha muller, unha galega orgullosa de Galicia, da súa cultura e da súa lingua.

Xosé M. Pérez Bouza
Enfermeiro

Para todos os que sigan na linaxe comunícolles: Que eu son Manuel Pérez Campos, fillo e neto de labregos e labregas e mesmamente co espírito da terra por dentro do corazón.

Que tiven e teño o enorme gusto e a vontade de falar na máis fermosa lingua dos poetas e das poetisas.

Que traballei, loitei, divertínme, coñecín ás miñas amizades, souben o que é a vida, e fixen o amor en galego toda a miña vida.

Que lle deixo en legado ó meu fillo Alexandre para que lle transmita as verbas do noso idioma ó meu neto Artur, que está en camiño, e que lle fale na lingua de Rosalía e de Castelao.

Igualmente pídolle a calquera persoa sensible que lea esta manda que non permita xamais que traten de humillar o noso idioma; que data das primeiras culturas civilizadas da

humanidade, que sobrevivíu ás máis duras cruzadas contra da lingua, da cultura e da verba. Porque o noso idioma é a nosa identidade que sobrevivíu no escuro das lareiras e nos beizos dos labregos e labregas, e da xente da mariña que a conservou con tanta teima.

Manuel Pérez Campos
Empresario-Asesor

Querido fillo meu. A nosa casa é túa. E a miña parte na casa dos avós. Esta non a vendas nunca, porque alí cada pedra ten o peso da memoria. E alí cada noite aínda se deita a soñar o meu avó Genebrando, con quen de seguro xa podo conversar por fin. Así coma el velou por min, así velarei eu por ti.

Quero tamén dicirche que paga a pena resistir e loitar; sen medo. Loitar pola verdade, pola natureza, a dignidade humana, a paz e a xustiza.

Non te asustes nunca do que é diferente; intenta aprender e aceptar. Pero ese respecto ó que é distinto ou de fóra debe ir sempre acompañado dunha exquisita e firme defensa do que é noso. Porque o que é noso é coma aquelas pedras da casa dos avós: ten memoria. É a nosa memoria. Coida en particular a cultura e a lingua

desta terra que chamamos casa. Coida tamén con especial agarimo a memoria do Couto Mixto. Quero que sintas orgullo de ser descendente daquelas terras arraianas. E por iso mando que alomenos unha vez vaias tanto a Covas como ó Couto Mixto, con suficiente silencio no teu corazón para poder escoitar o que che din as pedras.

Es unha árbore forte que sabe voar. Voa.

No Couto Mixto, o 13 de xullo de 2013.

*Carmen Pérez Fernández “Carmen Penim”
Profesora e cantante*

Aos meus fillos Yolanda e Alexandre: bebín ao nacer na fonte clara da Avelreira un 29 de xuño de 1949. Vai moito tempo transcorrido, e poucos bens materiais amogoados; as primeiras verbas que oín foron na doce lingua galega, e desde aquela moitas máis linguas escoitei, mesmamente fun escolante colonizado, pero este ben inmaterial que gardei e falei co meu corazón sempre trunfou sobre outras linguas rexas e metálicas. Que nunca puideran explicar como arrecende o viño fermentado nas nosas adegas do Ribeiro. Os castrominenses que xa van no alén amósanse inquedos pola lingua aldraxada e vilipendiada. E é miña vontade que respectedes e amedes a miña lingua; que é a mellor herdanza que vos deixo, que a transmitades aos vosos descendentes. Para repouso e acougo da miña alma.

Con todo meu siso, en Troncoso, a 26 do mes de Santiago do 2013.

Xosé Lois Pérez López

Entendendo que todo isto que vos lego non é senón parte material -e, polo tanto, efémera e menos importante- de todo canto ó longo da miña vida fun quen de compilar. Quero que esoutro anaco de riqueza inmaterial que tamén eu recibín dos meus pais e me esforcei por conservar e acrecentar -esa que forma parte inherente do meu patrimonio persoal-; é dicir, o noso legado cultural ou, o que é o mesmo, o noso xeito de ser e de interpretar o mundo; a nosa cultura e a nosa lingua, en definitiva, a saibades tamén conservar. Por iso vos pido que eduquedes conscientemente os vosos fillos nela, continuando así, na cota que vos corresponde, esta obra cultural milenaria e colectiva interminable, pero revalorizándoa.

Antón Piñeiro Feijóo
Fundación Casa dos Poetas de Celanova

Non obstante chamáronme Leticia, a min que son neta da represión e filla da diglosia.

Cando a miña nai explica porque non fala en galego coas súas fillas conta que así a educaron a ela. Baixo o mantra da miña avoa “non vos queixaredes que sempre vos falei en castelán”, dito este en perfecto galego da ribeira do Sil. Aínda que eu estou convencida de que miña avoa sentíase orgullosa de facer todos os esforzos posibles por evitarlle aos seus fillos e fillas mofa na escola, escarnio na “grande urbe” que era Ourense, no se pode renegar da identidade, como non se pode cuspir o leite materno xa na adultez.

Non obstante a min chamáronme Leticia, e a miña nai que sempre nos falou en castelán di que nos puxo nomes galegos porque lle soaban mellor. Sei que isto das falas bonitas e as falas feas non existe e que proba-

blemente sexa un impulso romántico, pero non me neguedes que ten que haber unha razón historico-antropolóxica para que unha nai convencida de que o idioma castelán era o apropiado para a educación poña as súas tres fillas nomes galegos.

Máis aló diso, e sendo herdeira dun pasado de represión, na miña xeración medramos en colexios onde non se falaba en galego, nin sequera na materia de Lingua Galega, cheguei ao insitituto sen dar ningunha clase en galego. Obviamente sen saber falar, nin escribir en galego, nin que dicir ten saber pensar, sentir ou crear en galego. Por suposto non me gustaba o meu nome, quería ter un anglosaxón, algo como Jennifer ou Emma. Non obstante chamáronme Leticia.

Arrastrando esta maleta chegan os últimos anos de instituto, no que o teu contexto deixa de semellar unha realidade estanca, perfecta na súa orde e inmóbil na súa estru-

tura, e comeza a dúbida. Da dúbida chegou a toma de conciencia e da toma de conciencia o esforzo por cambiálo. Non era fácil ser unha neofalante, os de sempre miraban raro porque non entendían que facía intentando falar galego, os puristas tildaban o meu galego de macarrónico ou académico. Dábame igual o que pensaran os outros; eu chamábame Leticia.

Este retrato non é exclusivamente meu, é a descrición dunha xeración educada en castelán, formada en castelán e que reivindica o galego como lingua nai.

Despois deste relato, quería dicirvos fillas e fillos que:

Sexades rebeldes, cuestionade cada centímetro de normatividade.

Sexades rebeldes, camiñade ao lado do máis débil, do diferente e desconfiade de privilexios e privilexiados.

Sexades rebeldes, reivindicade os vosos nomes, apelidos e toponimias.

Sexades rebeldes, esquecede que vos construíron homes e mulleres e construídevos coas vosas propias identidades. Reivindicade os vosos corpos e a vosa sexualidade

Sexades rebeldes, continuade co legado de xustiza para as avoas asoballadas, as nais enganadas e o futuro de voz, verba, pensamento, berro, murmuro, aloumiño e vida.

Leticia Piñeiro
Educadora

Non podo ser neutral en situación de inxustiza porque me aprenderon que se o fose é que escollera o lado do opresor. Os que tivemos a sorte de nacer en galego co poder emocional que o fixo a miña contorna rural, entendemos que hai cousas que non son só cousas da lingua.

Sabedores de que a quen non quere aprender non hai mestre que o ensine, de que canto máis fagamos, moito máis veremos que nos queda por facer a opresión é tal que nin sequera nos damos conta de que estamos oprimidos (a opresión da opresión).

Todas as culturas entenden a lingua coma un patrimonio que hai que protexer e do que sentirse orgullosos. Polo que co empeño que sempre me guiou de que o que é necesario ten que ser posible, que o que ten que ser posible é realizable, con humildade e asertividade manifesto vivir en Galego e

con Uxío Novoneira comparto que na fala seguen vivos os nosos antepasados, seguirei vivo, é unha forma audible de supervivencia. E se eu non son quen de poder dicir, pola situación actual do galego, que hoxe é o mañá que onte soñábamos, velaquí un compromiso que me gustaría que herdaran os que me queren ben.

Non ser amado é unha simple desventura, a verdadeira desgraza é non saber amar, dixo A. Camus.

Na Limia, a 8 de xullo de 2013.

Antonio R. Corbal

A vós, meus fillos e netos:

Por respecto á miña vida, ós meus feitos, degoiros e angueiras pasadas, eu pídovos, nesta miña derradeira vontade, o seguinte:

Lembrede sempre con ledicia que formades parte de algo indiscutible, inalleable, incomparable e único, dun todo complexo e amable, que se resume no meu corazón cunha única e estridente voz: Galicia.

Lembrede que estades aquí, neste mundo, grazas ó traballo e ás fatigas de homes sen número, que vos precederon no cariño filial, no amor a esta patria, da que sempre saberedes ser parte duradeira e formal.

Lembrede que eu, nesta miña vida que xa remata, sempre pretendín ser consecuente coa nosa historia, coa lingua do meu pobo, cos seus costumes, devezos, miserias e logros, dende o primeiro momento no que

eu tiven razón para comprender o valor da memoria.

Lembrede, meus nenos, grandes e pequenos, que a historia que perdura é a razón dun pobo, e que o pobo que convive na intimidade das horas amigas, falando a lingua dos antigos, permanece indefinidamente durante anos como estrelas, para facer de Galicia, algún día, o país que eu sempre soñei.

Xosé Benito Reza
Funcionario e escritor



En galego, agora e sempre

Queridas fillas:

O meu desexo último non é outro que o de intuír que manteredes viva, en permanente construción, esa lingua coa que sempre mirei de vos anaiar os ouvidos e transmitir a voz dos séculos, deses devanceiros que construíron para vós ese primeiro territorio de pertenza, a primeira clave da vosa identidade, unha voz xenética que vos amarra a unha visión do mundo e á arbore dos que vos precederon. Sei que sodes conscientes de que o voso pai sempre falou e escribiu en galego porque adquiriu un compromiso ético e estético coa historia, coa tradición e coa paisaxe galegas. E, xa que logo, gustaríame que esa lingua vivida, habitada, siga a ser para vós a raíz, o último refuxio da vosa identidade, o mellor dos tesouros ao que lle poidades ofrecer a fidelidade e todo o amor do mundo.

Antón Riveiro Coello
Escritor

Saiban cantos esta manda testamental vexan que eu, Xosé Rodríguez Cruz, natural e veciño da vila da Gudiña (Ourense), lles rogo encarecidamente ós meus familiares e amizades que cando Deus dispoña da fin da miña pasaxe por este mundo, producido o óbito, cumpran o meu desexo de que funeral, misas, cabodano se celebren en lingua galega. E que a terra galega engula de novo os meus restos, aínda que a morte me sorprenda alén dos lindeiros das Portelas, Pedrafita ou da Raia portuguesa. Chegado á meta, que a bandeira azul e branca sexa a miña compañeira no descoñecido vieiro que me agarda e que, ó mesmo tempo, a gaita co seu fino bruar espalle o son do himno galego, facendo calar por uns instantes o agradable cantar dos paxaros e os ruidos das embravecidas cinzas e cachoeiras que se escoiten nas mestas touzas de carballos, soutos, piñeirais, nos fondos cavorcos e

corgas, nos altos outeiros. Que a miña dona vixie para que isto se cumpra. E que a miña filla, sangue do meu sangue, ame sempre a Galicia e que conserve, transmita e defenda a fala galega, se fai falla entregando a súa propia vida, como seu pai de certo o faría se fose necesario. Teño dito.

Xosé Rodríguez Cruz
Etnógrafo

Envío a miña cinza a nosa terra ceibe, na parroquia de San Martiño, preto do castiñeiro de Pumbariños para ser partícipe da súa inmortalidade e dende alí poder escoitar o eterno son do folión.

A miña familia e amigos pídolles ledicia nese momento, e déixolles o encargo de facer da Galiza unha próspera e digna terra, que sempre foi e nunca nos deixaron exercer unha rolda de folión, unha pinguña, un paseo entre os castiñeiros recordando o que está esquecendo.

Material pouco deixo para herdar, mais todo el que sexa para goce da miña muller e das miñas cativas.

O patrimonio inmaterial si que me gustaría que o recibisen, que o aprecen e aproveiten. Píдовos miñas raiñas que aprecedes a época que vos tocou vivir sen esquecer todo o que construíron os nosos antergos e pelexedes para transmitir eses valores a xeracións

futuras. Non esquezades o voso paso dos anos e deixade un legado digno aos vosos descendentes.

Forza no voso corazón, como a do milenario castiñeiro de Rozavales. Bravura para mirar o futuro, coma a do lobo da serra de Manzaneda. Valentía contra a adversidade instaurada coma os fitos que levantaron os nosos heroes, os pastores.

Dignidade e paixón pola vida e pola terra que vos veu nacer e non deixedes de reclamar xustiza e igualdade. Respecto e continuidade nas tradicións que unen a nosa nación non esquezades a nosa lingua e a nosa cultura.

En Manzaneda a 5 de setembro de 2013

Davide Rodríguez Estévez
Alcalde de Manzaneda

Tempo, espazo, terra conceptos, realidade que se tornan infundas dende a perspectiva da vida humana. Transitamos polo mundo envoltos nas nosas contradicións, coa conciencia de vernos seres transcendentos e ao mesmo tempo ocupados nas nosas miserias, coa ilusión dunha espiritualidade que nos afaste da nosa condición de criaturas temporais e nos achegue a unha inmortalidade ficticia consistente na pervivencia eterna do noso eu.

Mais a única inmortalidade á que podemos aspirar é á lembranza dos nosos feitos e da nosa memoria, a ser un elo máis desta longa cadea que vén do pasado e se proxecta cara o futuro, a que a cultura da que formamos parte, que modula e moldea o noso xeito individual de ver e enfrontar o mundo, inze e se reinvente en cada nova xeración conservando a esencia dos ancestros e engadindo os elementos precisos para ir adaptándoa á evolución da realidade.

Memoria, será o mellor legado que vos poida quedar, recollédea con admiración, tratádea con respecto e transmitídea con devoción.

Dende esta certeza deixo escrito neste tempo, nesta terra, que a única homenaxe que reivindico é a de todos os galegos e galegas que foron e que nos precederon, que trouxeron ata aquí a visión universal dun Pobo, dunha Nación, nun recuncho da Terra chamado Galiza.

Ramiro Rodríguez Suárez
Músico e informático

Utopía

Non é unha lenda, existe un lugar cheo de vales, fontes, regatos e rías no que mana -dende antigo- a lingua galega. Dos prezados mananciais fuxiu entre as lousas que trataron de tapiala, construíndo o ser dos nosos devanceiros; eles bicaron as súas verbas, que lles aloumiñaron os beizos con ricas melodías.

Co discorrer dos tempos, esta voz segue a procurar a Utopía de Galicia aclarando as miradas dos que nos nutrimos dela. E o seu legado tamén guiará ós nosos herdeiros, que serán os futuros arquitectos desta inmorredoira terra.

*Rafael Rodríguez Villarino
Alcalde de Amoeiro*

Primera. Déixolles ás miñas fillas, María e Carme, como parte principal da miña herdanza, a lingua galega que eu recibín dos meus devanceiros. E prégolles que a coñezan, que a queiran, que a falen, que a escriban, que a defendan, e que llela transmitan ós seus descendentes; que non a vendan, nin a hipotequen, nin a traizoen endexamais.

Así mesmo, déixolles ás miñas devanditas fillas o meu amor á terra galega e á xente que vive nela. E prégolles que coiden a natureza; que sementen carballos e castiñeiros; que manteñan limpos os ríos; que non contaminen o aire; e que axuden en todo o que poidan para que Galicia siga sendo un fermoso paraíso no que todos os que veñan poidan falar, sorrir, soñar e vivir en paz, ledicia e liberdade.

*Juan Tonio Rúa Prieto
Notario do Carballiño*

Cos anos souben que se o centeo medra mellor aquí, non é polo clima nin pola lentura da terra, senón porque lle chamamos pan. E se os nosos pradairos dan mellor sombra que os canadenses, ou se as filloas saben mellor que as *crêpes*, non é o sangue o responsable, senón únicamente o nome. Freixo, saíncho, lavandeira, paspallás, e o resto de nomes de plantas e paxaros que a min me serviron no labor da terra, penso que a miña pequena Raquel hanlle axudar no amor á vida.

Para os meus veciños de Laroá son: A Zurria, Arcada, Almeide, e todos os lugares nos que fun feliz, para que por moito que muden de aspecto, manteñan ese fío que os liga co principio dos tempos.

E como é costume de ben deixarlle algo á Igrexa, acamboar, dar cheda, e verbos



semellantes, quédanlle en prenda, contra do compromiso de nunca mudarlle o sentido.

Manuel Seoane Feijoo
Arquitecto

Coidaban moitas comunidades indias de Norteamérica que nós, homes e mulleres, formamos parte da terra e que ela é unha parte de nós (...) o cheirume das flores, o cervo, o cabalo, as grande águias son nosos irmáns e as alturas rochosas, as suaves pradeiras, o corpo fervente do poldro e o propio home pertencen á mesma familia (...) O que lle acontece á Terra, acontecéelle tamén aos seus fillos e cando os homes lle cuspen á Terra cúspense a si mesmos. O home non creou o tecido da vida, só un fiancho, o que lle fagades a ese tecido facédesvolo a vós mesmo (...) Falaba así Seattle, o gran xefe dos Duwamisch na manda-resposta enviada en 1855 ao presidente Pierce, despois da proposta do goberno estadounidense de mercarlles o seu territorio aos indios do noroeste e recluílos logo nunha reserva. A mensaxe do xefe Seattle fala da comunión entre os homes e a terra e

do intercambio en prestacións, usos e valores que unha comunidade establece entre ela e o territorio que a acolle ofrecéndolle recursos e protección. Unha lección histórica dun “salvaxe” sobre o legado que recibimos dos nosos devanceiros e a obriga que asumimos de transmitírllelo aos nosos descendentes.

Eu lembro os cantís de Bares, as ribeiras do Sor e os prados do litoral da vella diocese de Bretoña; recordo tamén os rúeiros da Pontevedra antiga, as casas dos mariñeiros da vella Moureira, os herdos de millo da contorna das rías de Pontevedra e Vigo e os viñedos das Rías Baixas e o Salnés. Ámbalas dúas terras dos meus pais e patrimonio colectivo interpretado e recreado polas falas comarcais da nosa lingua, creada e transmitida para dotar de sentido ás palabras e ás cousas das terras nas que se creou o tecido da vida.

Mando, xa que logo, que os cativos enseres terrealis acumulados sexan disfrutados pola miña muller e compañeira mentres viva, incluídos os bens materiais que sosteñen o significado da existencia e que proporcionan valores, crenzas e esperanzas.

Mando igualmente que o meu fillo, herdeiro lexítimo e universal dos seus pais, reciba todos os bens que eles administraron conxuntamente e que faga seus aqueles máis amados sentidos.

Outrosi, mando que adopte os coñecementos recibidos sobre a súa Terra, as riquezas da súa paisaxe, os tesouros ocultos da súa cultura e os segredos máis fondos das súas xentes como herdanza propia e compartida. E como manda derradeira manifesto a miña vontade de que exerza o dereito á defensa da nosa lingua e que loite polo seu uso en concerto

e dignidade coas outras falas e linguas do mundo.

Dada esta manda en Sanín (Ribadavia), no noveno ano do milenio terceiro, a carón do pai Miño.

Xosé Carlos Sierra Rodríguez
Director Museo Etnolóxico de Ribadavia

Cando chegue ese momento quero que a miña familia, amizades e todas aquelas persoas que me queiran acompañar se amosen tranquilas. Quero que lembren aqueles episodios das súas propias vidas na que se sentiron máis próximos á terra, máis identificados con aqueles elementos que nos definen como pobo: a nosa lingua, a nosa paisaxe, a nosa cultura. Quero que, pouco a pouco, vaian sentindo a emoción que lles provocan esas lembranzas e cando alguén crea que xa non pode aguantar máis as bágoas comece a cantar o noso himno, e quero que entón a miña familia, as miñas amizades e as persoas que me queiran honrar coa súa presenza canten tamén o himno galego, pero non baixiño como aconstumamos cantalo, senón con todas as súas forzas. Así seguro que poderei escoitalo e marcharei cun sorriso nos beizos.

Xosé Somoza Media
Vóceiro do BNG no Concello de Ourense

A expresión que cada pobo acabou construíndo como vehículo de comunicación: a súa lingua, é símbolo de creatividade humana, da súa racionalidade e da súa diversidade. A súa permanencia no tempo debe formar parte das causas da humanidade no presente e no futuro.

As miñas fillas coas que rin, chorei, sentín e vivín, usando como vínculo de afectividade e comunicación a lingua galega, é o meu desexo e sentimento que ese legado que compartiron con nós, contribúan a deixarllo ás xeracións que lle sucedan en mellores condicións de uso e disfrute que elas o recibiron.

Alfredo Suárez Canal
Profesor

Por último, é tamén a miña vontade que valoredes, como patrimonio non económico, pero moito máis prezado, todo o acervo e bagaxe de tradicións, costumes e cultura galega, e moi especialmente a lingua tan querida, polas que traballei e loitei ó longo da miña vida, de xeito que poidan ser mantidas e desenvolvidas no futuro. Pídovos que lles transmitades esta inquedanza ós vosos fillos, e estes ós seus para que queiran a Galicia do mesmo xeito que eu a ameí, e poidades ver unha Galicia mellor cá que eu deixo.

Xesús Taboada Cid
Rexistrador mercantil de Ourense

Denantes que a miña voz se esvaeza na fondura da terra e os meus ollos deixen de contemplar para sempre a regalía da nosa paisaxe que me acompañou durante unha boa parte da miña existencia, é o meu desexo transmitir aos herdeiros a manda de que -ademais dos bens materiais que lles lego- reciban como patrimonio espiritual todo o meu afecto e fidelidade a Galicia, que foi unha das metas que me marquei ao longo da miña vida, así como o compromiso con todo o que nos configura como pobo, fornecéndonos a esencia da nosa galegitude, como son a fala, o territorio, o canto e maila danza, ou o noso xeito de ser e estar no mundo. Confío, ademais, que esta escala de valores a saibades transmitir aos vosos herdeiros. Prégovos tamén, que conserveades e valoredes os libros da miña biblioteca e a colección de catálogos de arte que tanto estimei; que coideades e acrecentades o meu

arquivo musical e topográfico, e que amosedes respecto e compromiso coa arte e a cultura do país.

Nun futuro próximo, desde as afastadas gándaras do alén, gustaríame enxergar unha farturenta Galicia dona de seu, na que a nosa proxenie non teña endexamais que emigrar por necesidade; na que se escoite decote por todo o territorio o noso harmonioso idioma; que se sinta nas numerosas festas e romarías o son da nosa música e dos cantos tradicionais mesturada coa dos regatos cantareiros, acompañados da baril voz dos nosos bardos e escritores. Todo iso, como preludio dunha fonda mudanza no modo de sentir e de pensar das futuras xeracións de galegos.

*Xaquín Vales
Labrego e cantor*



En galego, agora e sempre

Establezo, como derradeira vontade, a aplicación dos meus bens, do xeito que segue:

Dispoño:

Que se chegase o caso de que o Goberno ou algunha corporación, por disposicións legais ou doutra clase, tivese que incautar a propiedade dos meus bens que deixo destinados, ordeno absoluta e terminantemente que, chegado ese suposto, a distribución dos meus bens tan só poderá facerse a favor daquela entidade ou fundación que teña por finalidade a promoción da cultura da miña amada terra de Galicia, referencia permanente dos meus máis fondos sentimentos. Fundación que deberá estar rexida por persoas que saiban canalizar e transmitirles ás futuras xeracións a importancia do valor espiritual de pertencer a unha sociedade que soubo

acumular, a través dos séculos, a sabedoría popular manifestada, intuitivamente, nos labores cotiás dos oleiros, mariñeiros e labregos que fecundaron a nosa terra dándolle a categoría de pobo.

Sendo consciente de que a nosa identidade colectiva vén definida con precisión pola existencia da miña amada lingua galega, manda imperecedoira dos nosos devanceiros, á realización da súa promoción e uso aplicaranse estes bens hereditarios para continuar o legado de transmisión ás novas xeracións, garantes da pervivencia do noso patrimonio colectivo lingüístico e cultural pola fin dos séculos.

Carlos Varela García
Fiscal

Meus benqueridos Eduardo e Marta.

En Dacón, eido dos vosos devanceiros por parte de pai e de nai, temos a nosa raíz. Ese fermoso lugar non só lles deu a vida aos vosos pais, senón tamén, e por enriba de todo, deulles a súa forma de ser, unha alma galega coa sensibilidade para apreciar a variedade da cor verde da paisaxe, o amarelo dos toxos, o recendo que trae o aire da terra mollada despois do orballo e tantas outras cousas que só aquí podemos sentir.

Terra de boa xente, feirantes, nomeados por Otero Pedrayo, Cunqueiro e outros grandes galegos que viron no seu labor empresarial e na iniciativa un ben para o desenvolvemento desa bisbarra.

Xente así, práctica e intelixente, que a súa fala era e segue a ser, a terra, o galego. Así vós, meus fillos, que tedes a sorte de falardes máis de dúas linguas, levade con

orgullo o feito de serdes galegos e de serdes portadores da fala garimosa na que amaban, traballaban e rezaban os vosos avós.

É o meu desexo que sempre vos sintades cinxidos á terra, as súas tradicións, cultura e xentes, que cada día, de xeito distinto vexades a Ría de Vigo coas Cíes ao fondo, que vos arrequezades como persoas e sexades consecuentes coas ensinanzas dos vosos avós, a xenerosidade ao facerdes o ben. Que endexamais deixedes esmorecer a nosa fala para que siga presente na vosa vida e así vosos fillos poidan escoitala e aprendela mesmo desde o berce.

Eduardo Varela Novoa
Secretario Xeral da Comisaría do C.N. de Policía de Vigo

Coñecida cousa sexa por cantos este instrumento viren e oíren que eu, Xesús Vázquez Abad, nado na diáspora, crecido co alimento cultural do Ribeiro, veciño e alcalde do Concello de Ourense, cidade á que amo profundamente, dispoño con este texto, fago e ordeno esta manda.

Primeiramente, fago saber que sempre acreditei no carácter sagrado da lingua que herdei dos meus antepasados, polo que mando que os meus herdeiros e herdeiras, ao tempo que recibiren todos os bens materiais que mentres vivín me pertenceron, fagan uso dela e me recorden sempre como un galego vinculado á nosa lingua e cultura propias de Ourense como cidade que colaborou firmemente ao longo da nosa Historia á constitución de Galicia enteira tal e como hoxe a coñecemos e admiramos.

Ítem máis, mando que isto así sexa polos vosos fillos e fillas, e polos netos e netas

que deles saíren durante toda a existencia do derradeiro de vós e dos ditos vosos fillos e fillas e netos e netas.

*Xesús Vázquez Abad
Alcalde do Concello de Ourense*

-E onde están os cadaleitos?

-Non o sabemos!

Redacto esta manda testamentaria no contexto dunha escavación arqueolóxica no Castro da Saceda, Concello de Cualedro en Ourense. A sociedade que habitaba este poboado enmárcase no que se deu en chamar Protohistoria. Xa que logo estamos perante unha sociedade ágrafa, sen escrita, pero da que temos novas por fontes indirectas.

Foron variados os historiadores e xeógrafos clásicos que deixaron referencias desta sociedade dos castros e os seus modos de vida. Con todo, a súa obxectividade na actualidade está cuestionada por arqueólogos e historiadores da antigüidade que detectan un fin propagandístico nos seus escritos. Dubídase de que o verdadeiro interese detrás das verbas latinas non fora outro que enaltecer e xustificar a expansión e conquís-

ta do Imperio Romano fronte aos por eles descritos como rudos e pouco civilizados bárbaros.

Velaquí a importancia de ser dono das nosas verbas, velaquí o privilexio de poder deixalas insculpidas nun soporte perdurable no tempo no que a nosa identidade e significado non sexa alterado endexamais. Así o fixemos dende fai milenios e así quero ser participe deste privilexio:

Saiban cantos esta manda viran coma eu, en pleno uso das miñas facultades mentais e físicas, manifesto que todas e cada unha das miñas accións e emocións en vida foron pensadas para mellorar a sociedade da que formo parte. Xa que logo ninguén poderá acusarme nunca de non ter vivido. E si de algo teño que arrepentirme é de non ter máis segundos por minuto e minutos por hora para poder vivir máis.

No Castro da Saceda, nun solpor de verán de 2015.

Martiño Xosé Vázquez Mato
Arqueólogo

E no nome de Deus, Amén. Na cidade de Ourense, a vinte e oito días andados do mes de xullo do ano do nacemento do noso Señor Xesus Cristo de dous mil e quince anos.

Saiban todos cuantos esta carta e manda viren, como eu, Afonso Vázquez-Monxardín Fernández, que fun profesor da nosa linguaxe galega, que fun morador e veciño na cidade de Ourense, que fun fillo de Xosé Lino e María Cruz, que fun irmán dos meus irmáns Xosé Lino e Nemesio e da miña irmá María Cruz, que fun marido de Belén Lorenzo e pai das miñas fillas Belén e Estela, habendo saúde de corpo e con todo o meu siso, e non estando confundido por forza, nin por engano, e por meu corazón e libre e pura vontade, pero temendo a morte que é cousa natural a quen neste mundo vive, entendendo que é en servizo desta Terra e das xentes que me rodean, fago a presente manda testamentaria:

Desexo que a chegada da miña morte, como cousa comunal que nos ha acontecer a todos, non provoque máis desacougo do razoable e que este desacougo sexa transitorio.

Desexo que o meu corpo sexa incinerado e depositadas as miñas cinzas onde as dos meus devanceiros, no Cemiterio da freguesía de San Pedro de Cudeiro, no concello e bispado de Ourense.

Desexo que para a miña ánima se fagan os rituais que son uso e costume nesta nosa Terra, e que estes se fagan na lingua galega, favorita das miñas linguas, todas elas amadas.

Desexo que os bens materiais que poidan de min quedar neste mundo, sexan gozados polas miñas fillas e miña muller e a miña familia toda, con aproveitamento, harmonía e boa disposición.

Desexo deixar a idea de que natureza é a que nos posúe a nós, e non nós a ela, polo que desexo que a miña descendencia sexa especialmente agarimosa con ela.

Desexo deixar a idea de que a historia é que a nos posúe a nós, en non nós a ela, polo que desexo que a miña descendencia sexa especialmente agarimosa coas lembranzas.

Desexo que os bens inmateriais positivos, boas actitudes, lingua, cultura, amores, agarimos, acougos se convirtan en elos cos que unir tempos e xentes.

Desexo que as actitudes negativas, odios, desacougos, prepotencias, exclusivismos se esvaezan como a néboa coa raxeira do sol.

Sendo Papa en Roma, Francisco, arcebispo de Compostela Xián Barrio, bispo de Ourense Leonardo Lemos, Presidente de Galicia, Alberte Núñez Feixóo, e reinante

Filipe VI en España, presidindo o Consello Europeo Donald Tusk, e sendo Secretario da Organización das Nacións Unidas, Ban-Ki-moon, asino a presente, sen máis testemuñas que miña conciencia e honor, no lugar e data supraescritos.

Afonso Vázquez Monxardín
Profesor

Cada día doume conta do rápido que pasa a vida, e este feito ensíname que os bens máis prezados son os inmateriais: as lembranzas, o amor, a bondade, os pensamentos a lingua galega.

Pídolles aos meus fillos e a aqueles que me lembren o fagan na fala dos meus devanceiros, porque a mellor herdanza que eu recibo dos meus pais é o amor á terra e á lingua.

Diana, para ti as raiolas do sol que alumean o noso xardín, a música dunha gaita tocando unha muiñeira, o polbo da feira do Castro acompañado do vento que acariña.

Pablo, para ti os ventos de liberdade, que sempre che permitan dar a túa opinión. Quédate co sentimento de ser galego e endexamais esquezas a terra onde naciches e as súas tradicións.

Meu compañeiro, se me adianto, leva con orgullo a marca de identidade da terra na que ollaches a primeira luz e segue a ser amante do teu pobo caldelao.

No meu solpor, unha cantiga en galego e unha xuntanza de todos os que eu quero na terra onde nacín.

En Castro Caldelas, o 4 de agosto de 2013

Sara Inés Vega Núñez

Alcaldesa de Castro Caldelas

Nestes tempos decadentes onde prima o culto ao diñeiro e ao poder, quero expresar a miña satisfacción por ter xa legado algo máis importante aos meus fillos: o respecto polas persoas, pola cultura e pola liberdade.

Espero deles que continúen observando estes prezados bens, e moi especialmente a nosa amada lingua galega, que defendan o dereito dos galegos a manteren a lingua dos seus maiores e reclamen o dereito a recibir os servizos públicos en galego: a educación, a xustiza, a atención sanitaria so así serán verdadeiramente libres para falaren noutra lingua só se lles peta e cando eles queiran.

Meus fillos: en galego, agora e sempre.

*En Ourense, o dez de agosto de dous mil trece
Xosé Antón Vila Sobrino
Profesor Universidade de Vigo*



En galego, agora e sempre

009	Valentín García Gómez
011	Xoaquín Monteagudo Romero
018	Xosé González Martínez
033	Xoán Carlos Alberte Domínguez
034	Xesús Alonso Montero
038	Aser Álvarez
041	Plácido Álvarez Dobaño
042	X. Luís Álvarez Rodríguez
045	Xosé Pío Álvarez Rodríguez
046	José Luís Baltar Pumar
047	Anxo Barrera Dopazo
049	Puri Caldelas Rodríguez
051	Pepe Calleja
053	Xosé-Lois Carreira
055	Xosé A. Carrera
057	Xudit Casas
061	Delfín Caseiro
063	Silverio Cerradelo
065	Xosé Carballido Presas
066	Liliana Carro Estévez
068	Xosé Manuel Cid
069	Alfredo Conde Cid
071	Kike de Vidal Navia
073	Xosé Luís de Luís Gallego
075	Xosé Manuel del Caño
076	Celso Domínguez Domínguez
077	Antonio Durán “Morris”
079	Luís Esperanza (Piarrá)

081	Celia Inés Feijoo Soto
083	Sara Feijoo Soto
085	Agustín Fernández
087	Miguel Anxo Fernández
089	Antón Fernández Álvarez
091	Alfredo Fernández Rodríguez
093	Emilio Fernández Vázquez
095	José Luís Ferro Iglesias
097	Xoán Fonseca Moretón
099	Xulio G. Costas
102	Elena Gallego Abad
103	Manuel García Docampo
104	Luís Manuel García Mañá
105	Rosa Marta Gómez Pato
106	Feliciano González Álvarez
108	Alicia González Barreiro
112	Francisco González Bouzán
113	Clodio González Pérez
116	Eduvigis González Pernas
118	Luís González Tosar
120	Xosé Lois González Vázquez
122	Ricardo Gurriarán Rodríguez
125	Manuel Herminio Iglesias Vázquez
128	Bieito Iglesias
131	Xosé Antón Jardón Dacal
132	Marcos Valerio Lama del Corral
134	Xosé Lamela Bautista
137	Rita María Lago Ozores

138	Rafael Laso Lorenzo
140	Carmen Leyte Coello
142	Eduardo López Pereira
144	Gonzalo Carlos López Pérez
146	Alfonso Carlos Lois Suárez
148	Benito Losada
149	Castor Mariño Soaz
151	Manuel Mandianes Castro
152	Edelmiro Martínez Cerredelo
154	José V. Martínez-Romero Gandos
156	Carlos Méixome Quintero
158	Antonio Mouriño Villar
160	Isabel Mociño González
162	Lucía Nóvoa Joga
163	Francisco Nóvoa Rodríguez
166	Ruth Novoa
168	Camilo Isaac Ocampo Gómez
171	Xosé M. Pacho Blanco
174	Emma Palacios Rodríguez
176	Xesús Palmou Lorenzo
178	Lalo Pavón
180	Tereixa Paz
182	Lola Peláez Rivero
183	Xosé M. Pérez Bouza
188	Manuel Pérez Campos
190	Carmen Pérez Fernández “Carmen Penim”
192	Xosé Lois Pérez López
193	Antón Piñeiro Feijoo

En galego, agora e sempre

194	Ledicia Piñeiro
198	Antonio R. Corbal
200	Xosé Benito Reza
203	Antón Riveiro Coello
204	Xosé Rodríguez Cruz
206	Davide Rodríguez Estévez
208	Ramiro Rodríguez Suárez
210	Rafael Rodríguez Villarino
211	Juan Tonio Rúa Prieto
212	Manuel Seoane Feijoo
215	Xosé Carlos Sierra Rodríguez
219	Xosé Somoza Media
220	Alfredo Suárez Canal
221	Xesús Taboada Cid
222	Xaquín Vales
225	Carlos Varela García
227	Eduardo Varela Novoa
229	Xesús Vázquez Abad
231	Martiño Xosé Vázquez Mato
234	Afonso Vázquez Monxardín
238	Sara Inés Vega Núñez
240	Xosé Antón Vila Sobrino

“En Galego, agora e sempre”

é unha proposta da Asociación de Funcionarios
para a Normalización Lingüística de Galicia
que pretende concienciar á cidadanía
na restauración da memoria cultural e lingüística
dos que nos precederon na vida,
e asegurar a transmisión do noso patrimonio nas
vindeiras xeracións

